

as pontes

O Lago acolle en agosto un amplo programa de actividades. **Pax. 7**

friol

Acondicionan as beirarrúas que rodean o edificio do CPI Doutor López Suárez. **Pax. 10**

guitiriz

Asinan o convenio que permitirá construír a residencia de maiores. **Pax. 14**

meira

Entrevista ao alcalde, Antonio de Dios Álvarez, que fala dos proxectos máis destacados. **Pax. 16**

muras

Remata a reforma da antiga escola da Balsa, que se utiliza como local social. **Pax. 20**

Co mes de agosto chegan as patronais



vilalba. Programación para todos os gustos dende o 19 de agosto ao 4 de setembro.

rábade. Inicia o día 12, e ata o 17, as súas festas cun amplo abano de actividades.

meira. As festas recuperarán a normalidade dende o 13 ao 17 de agosto.

Acordo para a mellora nas parroquias

PSOE e Vilalba Aberta firman un acordo para o investimento de 900.000 euros nas parroquias. **Pax. 4**

A Torre de Caldaloba terá dous donos

A Vicepresidencia e o Concello repartiranse a propiedade ao 50%. **Pax. 12**

A Deputación fai balance do seu mandato

Dende o 2019 teñen un proxecto claro e definido por catro liñas de actuación prioritarias. **Pax. 25**

Nova edición do Emigrante



Volve a Festa do Emigrante o vindeiro mércores 24 de agosto. **Pax. 11**

Matinal e pasatabernas



O Parga Rock regresa este ano con forza nas súas datas habituais. **Pax. 15**

Coñecendo Bretoña



O CIN impulsa a súa programación cunha fin de semana de actividade. **Pax. 20**



A vida soa xenial, non a perdas!

30%

de desconto en audífonos



NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9, Vilalba,
Avda. de Galicia, 91, As Pontes.
Nº R.S. E-27-000111 / E-27-000111 - Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170

O CEIP Terra Chá vólcase na formación agrogandeira

O CEIP Terra Chá empezará unha nova etapa de cara o curso 22/23, un novo xiro educativo, enfocado ó medio rural e a produción agrícola e gandeira, de cara a enfocar o alumnado a este sector para o que acometerá unha serie de cambios nas instalacións e que se xeraliza co título Horta e Granxa na Escola. As novidades que se implantarán no colexio consistirán por unha parte na creación dun horto ecolóxico cun invernadoiro de 5,20m de ancho e 12 de longo, co cal se poderá traballar con maquinaria pesada, "e será dos máis grandes vistos nun centro educativo tanto de primaria como de FP", explican. Será instalado xa a principios de curso, coordinado todo o proceso por un mestre do centro.

Premio internacional para un queixo de Entrepinares

A Crema de Fundido de Tostado de Queserías Entrepinares foi galardoada cun Ouro na categoría Queixos crema untables na 125 edición dos prestixiosos premios International Cheese & Dairy Awards 2022 celebrados en Staffordshire, Reino Unido. O recoñecemento supón todo un éxito para esta nova versión en crema do laureado Queixo Vello Tostado, fabricada en Vilalba.

O xurado tamén situou en primeira posición ao queixo Ovella Cru Anello Seco de Entrepinares, outorgándolle outro Ouro na categoría Queixos Anellos de Leite Cru de Ovella.

Vilalba presume de festas patronais

O programa, do 19 de agosto ao 4 de setembro, recupera actividades tradicionais e incorpora outras novas

Vilalba anuncia o programa completo das Festas de San Ramón e Santa María, que se celebrarán desde o 19 de agosto ata o 4 de setembro. O goberno local xa anunciou algúns eventos, como os concertos de Manu Chao e as Tanxugueiras, aos que se suman agora outros reclamos como as orquestras Combo Dominicano e Olympus, o concerto de Treixadura e algunhas actuacións de música de grupos do municipio.

O programa inclúe actividades para todas as idades e gustos, con variedade nas propostas musicais, así como no tipo de eventos, incluíndo obradoiros, presentacións de libros ou espectáculos de maxia para público familiar. Recuperanse ademais tanto a Xira dos Maiores, que será nesta ocasión unha homenaxe ás persoas maiores cun xantar gratuito para persoas empadronadas de máis de 65 anos, como a Xira Campestre, ambas limitadas pola pandemia nos últimos anos.

Na primeira fin semana realizarase a final do I Concurso de Música Local, con nove propostas. Actuarán o venres 19 de agosto ás 20:30 horas na Praza da Constitución, lugar onde se decidirá o primeiro e segundo premio, con 1.000 e 500 euros respectivamente.

O sábado 20 de agosto ás 12 horas inaugurarase unha escultura creada por José Gómez de Bernardo en memoria de Concha da Reina, primeira comadroua titulada da bisbarra, no parque enfrente á Escola Infantil, tal e como acordou a corporación municipal en sesión plenaria.

Ese mesmo sábado celebrarase a primeira Festa interxeracional Ir-



mandade no Campo da Feira, coas actuacións a partir das 13 horas de Los Rastreadores (Ortiga + Grande Amore) e Mekanika Rolling Band. A continuación haberá un xantar e pola noite será a quenda do Dj Litainer e Dj Maler.

A seguinte semana contará co espectáculo de maxia de Patri Zenner dentro do Festival Mundial de Ilusionismo de Galicia o luns 22 de agosto. Na xornada do martes celebrarase a andaina San Ramón e Santa María. O mércores 24 de agosto organizárase a Xira en homenaxe aos maiores. Tamén haberá oco para a literatura, coa presentación o 26 ás 19:30 do libro *Lois Peña Novo. 55 anos despois*, editado polo Colectivo Egeria.

A segunda fin de semana de celebracións comezará o venres 26 coa prexira, na que estarán catro DJ pinchando desde as 22:30. O sábado 27 e o domingo 28 serán as dúas xornadas da tradicional Xira Campestre, unha cita que se retoma tras a pandemia e que transcorrerá con



normalidade, debendo respectar a contorna tanto nos espazos públicos como privados. O sábado haberá sesión vermú e verbena, e pola tarde amenizarán a xira os Festicultores. O domingo, despois da vermú comezará unha sesión musical a cargo de Puzzle animación.

As festas continuarán o 29 de agosto coa XXVII Festa da Bicicleta e a véspera do patrón, realizarase o pregón a cargo de Benita Martínez, matroa do centro de saúde, xusto antes da celebración do XLVIII Certame Literario, ás 19 horas no Auditorio Municipal. Esa mesma xornada, Tanxugueiras actuará en Vilalba, cunha sesión posterior dos Dj Friso & Marcos Peón.

O mércores 31 de agosto, despois do pasarrúas e a procesión que sucederá á misa das 12h, coa actuación da Coral Luar. Antes da sesión vermú, amenizada pola orquestra Pontevedra, haberá un espectáculo de circo itinerante musical. Pola tarde realizárase o concerto da Banda de música de Vilalba, e a verbena correrá a car-

go do Combo Dominicano e Solara, cunha sesión de fogos artificiais.

O xoves 1 de setembro de Santa María, será a Coral Polifónica de Vilalba quen actúe na misa das 12h. Ritmo Joven fará a sesión vermú e xunto con la Fórmula a verbena desa noite. Ás 22h CRZY realizará un concerto de música urbana.

Na fin de semana, o venres 2 de setembro será o Día infantil, con inchables, tobogáns e festa da espuma. Organizarase tamén ese día a XXVIII Simultánea de Xadrez. Para o público familiar, tamén haberá espectáculos de maxia o sábado 3 co Mago Antón, obradoiros de pompas e títeres o 4.

Na noite do venres 2 de setembro será o concerto de Manu Chao, cuxas entradas gratuítas poden retirarse na Casa da Cultura o xoves 4 de agosto de 15:00 a 21:30 horas, e o venres 5 de agosto de 09:00 a 21:00 horas. Cada persoa poderá retirar un máximo de tres entradas, debendo acudir presencialmente co seu DNI.

O sábado 3 de setembro Cerna de Árbol e Mestura de Nete farán o pasarrúas antes da vermú co Dúo Estrellas. A xornada complétase co XVI Festival de Bandas Pepe Guntín e cunha verbena pola noite a cargo de Olympus e Dúo Estrellas.

O domingo 4 de setembro é o día das parroquias, dedicado este ano a San Cosme de Nete. Nesa xornada haberá tamén pasarrúas, misa coa Coral Polifónica e ofrenda da parroquia, que ademais fará o acompañamento de autoridades desde o concello ata a igrexa cos seus propios músicos. A orquestra Fuego estará na vermú e Treixadura porá o colofón final das festas patronais a noite do 4.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES
MECANIZADOS

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS



TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS



Y PARA TU JARDÍN...



Cub Cadet

ANOVA



EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

O Concello presenta o proxecto de recuperación do Camiño

O Concello ten listo un proxecto de recuperación do Camiño de Santiago desde o polígono industrial a Ponte Rodríguez, o cal implica o seu paso por todo o núcleo urbano de Vilalba. Trátase dun proxecto de recuperación “innovador, sostible e respectuoso coa contorna natural, consolidando o trazado e protexendo ao peregrino”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas do Vilalba. O concello solicitou para acometer a actuación unha subvención de 1,5 millóns de euros ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Esta achega permitiría afrontar o 100% do investimento necesario na actuación, que convertirá a Vilalba na referencia do Camiño do Norte. Para a realización do proxecto e a solicitude da subvención, foi fundamental que o concello tivese un Plan de Mobilidade e forme parte do Paces (Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible).

O proxecto divídese en seis tramos, que son o polígono industrial; a zona de Campo Redondo; o casco histórico de Vilalba; o Camiño dos Pasos; a zona da Depuradora; o vial que leva á carballeira de Mourence, e un último tramo ata Ponte Rodríguez. Este ambicioso proxecto propón a posta en valor do trazado do Camiño e a súa conexión harmoniosa coas zonas rurais e o casco urbano de Vilalba, configurando un cinturón verde sempre co obxectivo de preservar a protección do peregrino, que teña o seu espazo.

Para a realización desta actuación, contemplanse só materiais naturais, de tipo pétreo, granito, zahorras e finos da zona, así como unha variada vexetación, que tamén será autóctona, con abundante arborado e xardíns verticais, zonas e mobiliario de



descanso, sendas, etcétera.

No tramo urbano, a única intervención será no casco histórico, na confluencia das rúas Ferrería, Concepción Arenal e Mato Vizoso, igualando o pavimento da rúa Concepción Arenal e a Travesía de San Xoán para facilitar a circulación aos peregrinos. Aproveitando esta actuación, modifícase o resto da rúa Mato Vizoso, cunha plataforma única con acabado de adoquín de granito. Por último, a

conexión da Travesía de San Xoan coa travesía do Matadoiro execútase como un gran paso peonil, en adoquín de granito ata a antiga sede de Protección Civil. Esta edificación derribarase para recuperar os elementos históricos, como o lavadoiro, a fonte e os muros de pedra.

O proxecto de recuperación inclúe a restauración da Ponte Rodríguez, así como un novo acabado para a ponte sobre o río Magdalena.

Desestacionalizar o turismo

Xa está en marcha unha nova campaña de turismo que, baixo o lema *O importante está no interior*, ten como obxectivo promocionar por diferentes medios e soportes os atractivos da vila para incrementar e desestacionalizar a chegada de visitantes á vila.

A campaña foi presentada pola alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro; Antía Rama, concelleira de Feiras e Mercados, e Suevia Ansedo, técnica de Turismo.

A partires da nova web de turismo posta en marcha o ano pasado, www.turismovilalba.es, o concello

presenta esta nova campaña con diferente material, como vídeos, folletos informativos actualizados, novos e prácticos e planos do concello. Ademais, tamén se colocarán códigos Qr en edificios públicos e progresivamente noutro tipo de establecementos.

Os novos materiais, ademais de incluír información útil, poñen en valor o patrimonio natural, histórico e cultural de Vilalba e as súas 29 parroquias, con espazos como a contorna fluvial do Magdalena e o tramo do Camiño de Santiago, ademais da gastronomía na zona.

Comeza a funcionar na vila a nova zona azul

O equipo de Goberno de Vilalba puxo en marcha xa de forma ordinaria o día 1 de agosto, a zona azul en determinadas rúas do casco urbano, unha medida destinada a dinamizar o estacionamento e o fluxo de vehículos e persoas.

Durante o mes de xullo realizouse unha proba piloto con resultados satisfactorios. A zona azul aplícase na rúa da Pravia; rúa Placido Peña ata a intersección da rúa das Pontes de García Rodríguez; rúa Campo da Ponte ata Domingo Goás, e na rúa José María Chao Ledo ata a intersección coa rúa Guitiriz.

O horario da zona azul é de luns a sábado de 09:00 a 14:00 horas, estando permitido o estacionamento de xeito gratuito nun período máximo de noventa minutos.

Tamén se regula o aparcadoiro subterráneo da praza da Consti-

tución de luns a venres de 09:00 a 19:00 horas e os sábados de 09:00 a 14:00 horas, de xeito que os vehículos só poden estacionar neste lugar o máximo permitido de noventa minutos. Non se implementa esta norma en Vilalba nin os domingos nin os días de feira.

Para facilitar o bo funcionamento do servizo, o concello repartiu xa 10.000 reloxo para que os condutores e as condutoras indiquen a hora de chegada á praza de estacionamento (imaxe adxunta). Os reloxo están a disposición das persoas interesadas nas dependencias do concello.

O obxectivo desta zona azul é dinamizar o estacionamento, que nas rúas máis transitadas non se aparque o vehículo desde a mañá ata a noite, pero deixando un amplo marxe de tempo gratuito para facer xestións ou compras.

Anulan contratos das obras vias por incumprimentos da empresa

O Goberno local de Vilalba viuse na obriga de resolver o contrato coa empresa Asfalgal Técnicas Viarias, encargada da renovación de varios viais nas parroquias da vila, polos incumprimentos na realización dos traballos.

En concreto, trátase das obras para o mantemento de varios camiños na parroquia de Alba e outras actuacións para a mellora dos accesos a núcleos de Corvelle, Goiriz, Román, Codesido, Carballido e A Costa. En total, un investimento de 230.000 euros nas pistas.

“Está pasando en numerosos conce-

llos, a situación derivada da crise dos carburantes e dos materiais provoca incumprimentos graves, pero como concello non podemos permitilos, pedindo desculpas aos veciños polo retraso”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas de Vilalba. De feito, a decisión do concello tómase para axilizar unha nova adjudicación, realizando desta forma as obras no menor prazo de tempo posible. No seguimento das obras afectadas, o concello detectou diferentes incumprimentos con respecto á memoria do proxecto, polo que procedeu a resolver os contratos.

Veciños da Terra Chá!
A mega Fibra chegou con 3 meses de Netflix de agasallo

(Se xa tes Netflix, engádeo á túa conta e afórrate 3 meses)

Chama gratis ao
900 651 679

www.adamo.es

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

A mega fibra

Só Adamo instálache eero 6 coa última tecnoloxía Wi-Fi 6 sen custo adicional

eero
an amazon company



Anuncian os horarios das escolas deportivas

As actividades e horarios das escolas deportivas municipais, así como dos cursos de natación para o próximo curso xa son públicos. Dunha banda, anúncianse os horarios das escolas deportivas municipais para o curso 2022-2023. Este ano, ofertarase por primeira vez a actividade de rugby, ampliando así os deportes propostos.

Ademais, a oferta para o próximo curso incluíra actividades rítmicas, ioga, baloncesto, fútbol, fútbol sala, judo, loita olímpica, tenis, tenis de mesa, triatlón ou ximnasia rítmica. Tamén haberá grupos de pilates, patinaxe, baile e iniciación deportiva.

Ofértanse grupos para toda a rapazada, dende os 3 anos de idade, con diferentes quendas en función do ano de nacemento. Con este adianto dos horarios, o Concello de Vilalba busca facilitar ás familias



a previsión das actividades para o vindeiro curso. Proximamente, facilitarase a información necesaria sobre as inscricións a estas actividades.

Os cursos de natación que comezarán o 3 de outubro. En total, ofértanse 271 prazas para nenos/as e adultos/as, con diferentes grupos en función da idade e o nivel.

Para os cursos de natación, o prazo de inscrición será do 5 ao 18 de setembro.

O PP califica de “tempo perdido” os 3 anos de Goberno socialista

Os populares incidiron na “falta de xestión do goberno local socialista, no abandono da zona rural e na carencia de proxecto de futuro para Vilalba” o que supón “tres anos nos que Vilalba non deu ningún paso adiante”. É máis, “as decisións deste goberno non teñen en conta aos veciños e, aínda por riba, van en contra dos seus intereses”. Así o explicou en referencia ao “caos circulatorio” que prexudica ao comercio e á hostalería tras implantar sen ningún tipo de consenso a unidireccionalidade da rúa da Pravia, unha zona azul confusa ou non ofrecer alternativas de

aparcamento”. A popular considera que “este non é o goberno que merece Vilalba e os vilalbeses”.

Vázquez enumerou “as desacertadas decisións” en materia de mobilidade urbana engadiu a “esquecida RPT, o contrato do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria caducado, a perda de subvencións doutras administracións, o seu despilfarro —un millón para tirar o parque acuático e construír unhas piscinas—, outro millón para o proxecto da rúa da Pravia, obras en mal estado ás poucas semanas e gastos do FIV aínda sen aclarar”.

Acordo de PSOE e Vilalba Aberta para investimento nas parroquias

O goberno de Vilalba e o Grupo Municipal de Vilalba Aberta anunciaron un acordo entre ambas formacións para investir máis de 900.000 euros en diferentes obras e actuacións en 21 parroquias.

O acordo materializouse no pleno, mediante a aprobación dun suplemento de crédito.

“Estamos na obriga de chegar a acordos de este tipo para mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas, este investimento beneficiará na súa maior parte ás parroquias e o rural”, explicou a alcaldesa, Elba Veleiro.

En total, serán 904.042 euros para as parroquias de Samarugo; Alba; Rioaveso; Corvelle; San Simón; Co-desido; Distriz; Árbol; Nete; Torre; Santaballa; Lanzós; Román; Carballedo; Tardade; Xoibán; Gondaisque; Ladra; Goiriz; Insua e Vilapedre. Acometerase tamén a renovación do pavimento da pista polideportiva do CEIP Mato Vizoso.

Pola súa parte, Modesto Renda apuntou que co acordo “facemos xustiza cos veciños que teñen o seu proxecto de vida nas parroquias, fomentamos a política de entendemento, e o pactado é ademais fundamental en materia de investimento para Vilalba”.

“Son obras e actuacións en 21 parroquias, unha mostra máis da nosa aposta polo rural mellorando os seus servizos e infraestruturas”, rematou Luis Fernández.

PARTIDO POPULAR. A voceira do Grupo Municipal Popular e presidenta do PP de Vilalba, Sandra Vázquez, amosou a súa “concordancia” coa necesidade de mellorar as pistas municipais: “alegrámonos de que comecen a escoitar as nosas reivindicacións”. Con todo, condenou que “PSOE e Vilalba Aberta cheguen tar-



de” e que “os prexudicados sexan os vilalbeses que tiveron que agardar a que ambas formacións se puxeran de acordo”, en relación ao orzamento a dirixir á conservación e mantemento de vías municipais nalgunhas parroquias.

Para corrixir este “agravio”, o Grupo Municipal Popular propuxo dirixir a mellora de vías destas parroquias unha porcentaxe das partidas de

100.000 euros para infraestruturas e bens naturais, 75.000 euros para vías públicas, estudos e traballos técnicos e 50.000 para material de vías públicas. Ante o rexeitamento do PSOE e Vilalba Aberta a revisar a proposta, a popular lamentou “a falta de diálogo” e que actúen “de costas aos veciños de Belesar, Boizán, Mourence, Noche, Oleiros, Sancovade e Soexo”.

Remata a obra das Pedreiras

Remataron as obras na rúa das Pedreiras, nas que a Xunta destinou 193.000 euros á renovación integral das redes de servizos do treito oeste, desde as escaleiras que a comunican coa praza de Santa María ata o cruzamento coa rúa Ferrería.

O proxecto contemplou a instalación dunha nova rede de abastecemento e incorporación de saneamento que separe as augas pluviais das fecais; así como seccións soterradas para as redes aéreas de telecomunicacións e

electricidade existentes na rúa. Tamén se renovaron as acometidas domiciliarias para garantir o acceso aos servizos a todos os predios do tramo afectado.

Así mesmo, abordouse unha nova configuración deste espazo urbano, situado nas inmediacións do auditorio Carmen Estévez, que incrementa a superficie peonil e inclúe iluminación pública con tecnoloxía LED de baixo consumo. O delegado, Javier Arias subliñou que “a cooperación cos concellos é clave”.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

IRMANDADE

I ENCONTRO INTERXERACIONAL
VILALBÉS

20 AGOSTO

CAMPO DA FEIRA DE VILALBA

APERTURA
DE PORTAS
13:00H

LOS RASTREADORES

MEKANIK A ROLLING BAND

**DJ MALE
DJ LITAINER**

MENÚ IRMANDADE
POLBO / CHURRASCO
CAFÉ / POSTRE

29€

RESERVA COMIDA:
CAFÉ BAR PAFE / CAFÉ BAR ESTUDIANTE
CAFÉ BAR O'PORRÁS / CAFÉ BAR CENTRO



Concello de Vilalba



Instalarán dúas estacións de lavado de bicicletas

O Concello das Pontes comezará a creación de dúas estacións de lavado e posta a punto de bicicletas, asentadas na Rúa Casilla, ao carón da Praza da Lembranza e na Rúa 8 de marzo, próxima ás pistas de padel.

Con estas novas infraestruturas, cun orzamento de 29.941,43 € con cargo a fondos propios, o Concello das Pontes busca impulsar a integración da bicicleta na mobilidade do municipio e potenciar a súa práctica como medio de transporte educativo, turístico, recreativo e deportivo, para o cal é necesario dotar ás persoas usuarias das ferramentas necesarias para facilitar o seu uso.

Entre os traballos previstos executaranse soleiras de formigón que servirán de soporte para as instalacións. As estacións de lavado estarán formadas por un entramado metálico de aceiro inoxidable sobre o que se posarán as bicicletas para o seu lavado.

As estacións de lavado dotaranse de subministro de auga e a posterior recollida e canalización á rede de saneamento pública, polo que se executará unha acometida de auga ata cada unha das instalacións e unha rede de saneamento que conecte cada instalación coa rede de sumidoiros.

Finalmente, acondicionaranse ambas zonas coa instalación dun banco, papeleira, aparcabicicletas e carteis informativos.

Nese sentido, o goberno local apunta que “nas Pontes existe unha gran demanda ciclista, contamos con infraestruturas de uso exclusivo da bicicleta en toda a zona urbana do municipio, así como moitas rutas BTT, utilizadas non só pola veciñanza senón por persoas visitantes”.

A Cita coa Historia volverá do 23 ao 25 de setembro

Tras dous anos sen celebración pola pandemia de covid, durante a fin de semana, do 23 ao 25 de setembro, o municipio das Pontes retrocederá no tempo para celebrar a sétima edición da súa Cita coa Historia, organizada pola Asociación Lembranza da Vila en colaboración co Concello, na que a vila viaxará ao pasado e revivirá a súa historia.

Esta nova Cita acollerá unha grande diversidade de actividades, pensadas para toda a veciñanza, que arrancarán, o vernés e que



se darán a coñecer ao longo destes meses pero que estarán vinculadas a espectáculos de todo tipo para re-

flectir o pasado da vila con mercado, pirotecnia, música e concurso de caracterización, entre outras.

Nova rotulación artística

O lago conta cunha rotulación artística co nome da vila; unhas letras escultóricas de gran tamaño, instaladas nas proximidades do punto de información turística, que responde a aposta co Concello das Pontes por crear novos valores e atractivos turísticos na vila.

Así o confirmou Elena López, concelleira de Turismo, quen explicou que se “trata dun elemento escultórico de 1,40 metros de alto e 6 metros de largo, elaboradas con madeira tratada de piñeiro de país, co obxectivo de integrarse coa contorna do lago, un enclave natural privilexiado que atrae a decenas de visitantes cada día, de xeito que este conxunto escultórico servirá para darlles a benvida e promover a praia do lago, a súa contorna e a senda da memoria como principais reclamos turísticos do municipio”



A concelleira tamén destacou que “a elección das novas pezas escultóricas se decidiu tendo en conta a súa integración paisaxística, contribuíndo a manter e mellorar a autenticidade e esencia da contorna do lago. Con este novo elemento escultórico, queremos poñer en valor non só o noso patrimonio natural senón tamén a nosa vila e o orgullo de ser e sentirse das Pontes”.

A rotulación, instalada esta mañá, componse de dous elementos, unha estrutura de ferro lacado sobre as que se ubican as letras corpóreas, elaboradas con catro láminas de madeira para crear un efecto de profundidade así como un xogo de luces e sombras e permitir que o vento pase a través de elas, garantindo a súa óptima conservación.

Destacan o impacto no emprego do proxecto de Sentury

O vicepresidente primeiro e concelleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, participou en Ferrol nun encontro con representantes da Autoridade Portuaria e da compañía Sentury, que prevé desenvolver nas Pontes unha fábrica de pneumáticos para coches, camionetas e avións, cun investimento de 531 millóns de euros e coa previsión de crear 750 postos de traballo directos.

Tras a xuntanza, á que tamén asistiu a delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, Conde sinalou que se trata dun “reto industrial e loxístico moi relevante” tanto polo impacto na xeración de emprego como na actividade do porto ferrolán, que verá cuadruplicados os seus tráxicos actuais, creando aproximadamente 30 empregos na propia terminal.

Francisco Conde apuntou que a Administración autonómica xa está avaliando o proxecto de Sentury para a súa posible tramitación como Proxecto Industrial Estratéxico, o que acurtaría os prazos administrativos dunha iniciativa “de enorme importancia industrial e loxística para Ferrol”.

O vicepresidente económico incidiu en que esta iniciativa, xunto co resto de proxectos que se están dinamizando nestes momentos na zona, entre os que citou as factorías de eólica mariña de Nervión; a de Omega 3 de IFFE; a planta de hidróxeno de Reganosa e EDP Renovables e a de biomateriais de Ence; supoñen unha oportunidade para que o Pacto de Estado por Ferrol que se está impulsando desde a Xunta poida dar a resposta que precisa a comarca.

CONCELLO DE CASTRO DE REI

CASTRO DE REI

O CONCELLO ONDE REENCONTRARSE

FEIRA DE CASTRO RIBEIRAS DE LEA (Tódolos mércores)

FEIRA DE CASTRO DE REI (Domingos alternos)

O Lago desenvolve en agosto un amplo programa de actividades

O Concello de As Pontes programa para o mes de agosto O mar de lecer, unha axenda cultural ampla, diversa e multidisciplinar para conmemorar os dez anos da creación do lago.

As actividades deron comezo a primeira fin de semana co Beach Rugby Vila das Pontes, un torneo de rugby praia que se prolongará durante todo o fin de semana, no cal se poderá ver o mellor rugby internacional nas categorías masculina e feminina.

A seguinte fin de semana haberá inchabeis para os máis pequenos. O Z-Gravity, Kamikaze e a Selva estarán a disposición das crias de venres a luns no seguinte horario: venres 12 de 16:30h a 20:00h; e de sábado a luns de 11h a 13h e 16h a 19h. O sábado 13 e o domingo 14 o 'Teatro sobre rodas' percorrerá as rúas do municipio con dúas funcións cada día. Ambas serán ás 13:00h e ás 19:15h respectivamente.

O sábado 13 tamén haberá espazo para o ilusionismo da man de 'Galicia Ilusiona Maxia na Rúa', que terá lugar ás 19h.



Os días 20 e 21 de agosto celebrarase a Feira do comercio local, impulsada pola Deputación da Coruña.

Eses mesmos días tamén se realizarán exhibicións e obradoiros enmarcados no Festival de Papaventos.

O sábado haberá dúas actividades máis, co circo na rúa de 'Mezzo el fantástico circo de insectos gigantes' ás 19h e o concerto do tributo a Sabina 'La penúltima Sabineta' ás 20:30h.

Na xornada do domingo o circo na rúa correrá a cargo de 'Kanbahiota - Volando vengo' ás 17:00h e 'Broken Peach' ofrecerá un concerto a partir das 19:30h. Para o último fin de semana do mes temos, primeiramente, unha cita coa vela da man do Campionato Galego de Vela Vaurien, que será o sábado e o domingo.

Eses días haberá tamén unha Festa Acuática con 5 inchabeis acuáticos. Paralelamente celebrarase a Festa da Auga, con 4 inchabeis acuáticos e Humor Amarillo, con 5 inchabeis Wipe Out. Os horarios para estas tres actividades son: sábado de 16:30h a 20:00h e domingo de 11:30h a 14:00h e de 16:30h a 20:00h.

Ribera descarta que se volva abrir a central

A vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, asegurou este mércores que "en principio" e salvo que houbera "unha acumulación de catástrofes ou imprevistos" non será necesario reabrir a central térmica das Pontes.

"Afortunadamente, temos un parque de xeración, que como digo, permítenos funcionar, en principio e salvo que houbera unha acumulación de catástrofes e imprevistos, sen que As Pontes téñase que volver abrir", declarou Ribera.

A ministra sinalou que se puxo en contacto con Rede Eléctrica para contemplar os diferentes escenarios de garantía de subministración e, a falta de resposta por parte deste, sinalou que segundo os "escenarios iniciais" non é necesario que As Pontes entre de novo en funcionamento.

Ademais Ribera puntualizou que na medida na que se foi descartando o uso do carbón debido á súa afección ambiental, os



mercados de carbón no mundo estanse tensionado, de maneira que "a tonelada de carbón é complicada de conseguir e en moitas ocasións a un prezo superior ao do gas".

Ribera mostrou a súa satisfacción polo acordo alcanzado na UE para reducir un 15 % a demanda de gas, que contempla derogacións para responder á situación de cada país, como pedían España e outros. En España, esta redución situarase en torno ao 7 %.

MUEBLES
LA FÁBRICA SARRIA

LIQUIDACIÓN
TOTAL

T O D O

20% - 30% - 40% - 50% - 60% - 70%

Por traslado de instalaciones a
Matías López 49. Sarria

Rúa Nova 77, 27600 Sarria - Lugo. Tfno.- 982 535 273 • 608 035 849 / ventas@lafabricsarria.com



Abre ata o mes de outubro a exposición 'Man a man'

O Concello das Pontes inaugurou, no primeiro andar do Mercado Municipal, a exposición arqueolóxica Man a Man; un percorrido pola prehistoria e a antigüidade do municipio a través dos obxectos elaborados a man polos homes e mulleres que habitaron As Pontes.

A exposición, articulada en catro grandes bloques temáticos- a través de vitrinas- inicia a súa andaina nas medoñas do Neolítico, hai aproximadamente oito mil anos, momento no que as sociedades humanas comezaban a constuir poboados estables debido ao desenvolvemento da agricultura e da gandaría e nas que a tecnoloxía para a elaboración de ferramentas experimentaba un avance co pulido da pedra.

A exposición vai avanzando para chegar ao Calcolítico, Idade do Metais ata chegar aos vestixios deixados polas persoas que viviron na confluencia dos ríos Eume e Chamoselo a finais do Imperio Romano, hai máis de mil seiscientos anos, a través de tellas que cubrían edificacións e restos de cerámica de mesa ou os restos dunha ánfora.

As pezas expostas proceden da colección do Concello froito das escavacións e prospeccións arqueolóxicas que tiveron lugar no espazo que ocupou a explotación mineira del lignito, entre as que se inclúen pezas atopadas nas medoñas das parroquias da Vilabella, Santa María das Pontes, Seoane e o castro galaico de Espiñaredo.

A exposición elaborada por Culturreume, está apoiada con ilustracións de Laura Decibreiro, nas que recrea coa súa mirada escenas cotiás das diversas épocas da historia das Pontes. Estará aberta ata o 15 de outubro e é preciso concertar cita previa no número 673240434 ou a través do correo turismo@aspontes.org.

Licitan obras en camiños de tres parroquias

O Concello das Pontes aprobou a semana pasada o expediente de licitación das obras de mellora nos camiños municipais en Porto de Frades, A Carballeira e o Cameleiro

Este proxecto, cun orzamento base de licitación de 85.255,39 euros, permitirá mellorar a seguridade viaria e evitar que se siga producindo a degradación destes viais que na actualidade presentan deficiencias estruturais.

Os traballos previstos permitirán a rehabilitación dos camiños de Porto de Frades, A Carballeira e o Cameleiro para dotalo dunha óptima calidade tanto superficial como estrutural, conseguindo así lograr a comodidade e seguridade

que se esixe neste tipo de viarios. Realizaranse actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes. Procederá ademais á limpeza das cunetas e á eliminación de vexetación que invade o vial. Ademais repararanse as fochancas e zonas afundidas existentes mediante a achega de pedra e unha rega asfáltico e as zonas lixeiramente deformadas regularizaranse mediante aglomerado en frío.

O afirmado dos camiños municipais realizarase mediante a extensión dunha nova capa de rodadura de formigón bituminoso. As actuacións completaranse coa sinalización horizontal e vertical dos tres viarios.

A vila celebrará o Springsteen Day o 3 de setembro

O lago de As Pontes será o escenario dunha auténtica celebración da música de Bruce Springsteen, un dos artistas cos seguidores máis fieis do panorama musical. A cita será o sábado 3 de setembro, a partir das 18:00 horas, día no que decenas de artistas unirán voces e instrumentos para interpretar a canción "No Surrender", todo un himno para axudarnos a loitar polo que nos apaixona.

Este proxecto parte de colectivos de fans de Springsteen e conta coa colaboración e a implicación do Concello de As Pontes e conta con antecedentes similares como son o proxecto Rockin'1000, que comezou en Italia, no que centos de músicos interpretaron unha canción de Foo Fighters para lograr que a banda actuase

nunha pequena localidade e tamén co No Surrender Day celebrado en Cataluña. As persoas interesadas en participar no Springsteen Day poden inscribirse enviando un correo electrónico a springsteendayaspontes@gmail.com.

A inscrición para participar cantando ou tocando algún instrumento, aínda que sexan diferentes dos que soan na canción, é de balde. A organización regalará unha camiseta conmemorativa a cada persoas participante que só deberá aportar os instrumentos e amplificadores, se así o precisan.

O Springsteen Day tamén inclúa a actuación de tres bandas de rock e un xantar colectivo. Pódese consultar máis información na páxina de Facebook do proxecto

Impulsan con mesas de traballo o plan de acción da Axenda Urbana



No marco da posta en marcha da Axenda Urbana que se está a desenvolver no Concello das Pontes, foron realizados 3 encontros participativos que contaron cunha ampla diversidade de axentes participantes, indonde os representantes políticos do goberno municipal e doutras forzas políticas, grupos de investigación universitarios, representantes de empresas locais, organismos autonómicos e representantes de asociacións e clubs deportivos locais.

Elena López, como concelleira responsable da iniciativa destacou que "estas 3 sesións pretendon divulgar este proceso de desenvolvemento da Axenda Urbana, dando a coñecer o concepto e, en especial, enriquecer o proceso de diagnose e propositivo. Por outra parte, serviron como espazo de debate e reflexión, recollendo, así, as aportacións e perspectivas das persoas participantes sobre os retos e as posibles solucións que entenden necesario incluír no Plan de Acción da Axenda Urbana poñendo as bases como a gobernanza desta estratexia".

As sesións xiraron en torno aos obxectivos que se pretenden atender na mesma, sendo agrupados nas seguintes temáticas: Inclusión, Vivenda e Innovación Social e Dixital, Economía, Emprego e Transición

Enerxética e Medio ambiente, Urbanismo e Territorio.

Estas 3 mesas foron celebradas os días 14 de xullo, o 21 de xullo e o 22 de xullo, respectivamente, na Casa Dopeso. Cabe destacar que este proxecto de planificación da Axenda Urbana establécese como unha oportunidade para o municipio para deseñar unha planificación que impulse o desenvolvemento sostible do municipio, permitindo unha mellora social, económica e medioambiental. Así, o Concello das Pontes foi unha das 121 administracións locais seleccionadas polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) para ser proxecto piloto no desenvolvemento deste plan de acción, o que lle permite establecerse como un municipio de referencia á vez que pode liderar un cambio de modelo máis sostible, respondendo ás súas problemáticas locais particulares.

Elena López destacou ao remate das sesións "o compromiso do goberno municipal en que o Plan de Acción da Axenda urbana sexa aprobado en pleno na primeira quincena do mes de setembro", coa intención de que a súa implementación comece a ser desenvolvida no último trimestre deste mesmo ano.

GALEGA DE IMPERMEABILIZACIÓNS

Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns
ESTRUCTURAS ENTERRADAS • LÁMINAS ANTIRADÓN

FACEMOS DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE

Rúa Fernando de Castro, 6 - PLANTA BAIXA. 27600 SARRIA - LUGO / Tfnos.: 659 198 769 - 677 341 559 / galegadeimpermeabilizacions@gmail.com

UN MAR DE LECER

LAGO DAS PONTES 2022

5 AO 7 DE AGOSTO

BEACH RUGBY VILA DAS PONTES
 O MELLOR RUGBY PLAYA INTERNACIONAL NO LAGO DAS PONTES



12 AO 15 DE AGOSTO

Z-GRAVITY, KAMIKAZE, SELVA
 VENRES 16:30-20:00H
 DE SÁBADO A LUNS 11:00-13:00H
 16:00-19:00H
TEATRO SOBRE RUEDAS
 SÁBADO 13:00H E 19:15H
 DOMINGO 13:00H E 19:15H
GALICIA ILUSIONA MAXIA NA RÚA
 SÁBADO 19:00H



20 E 21 DE AGOSTO

FEIRA DO COMERCIO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA
 SÁBADO E DOMINGO
FESTIVAL DE PAPAVENTOS
 SÁBADO E DOMINGO
EXHIBICIÓN E OBRADOIROS "MEZZO EL FANTÁSTICO CIRCO DE INSECTOS GIGANTES"
 CIRCO NA RÚA
 SÁBADO 19:00H
LA PENÚLTIMA SABINERA EL TRIBUTO
 SÁBADO 20:30H
"C'EST PAS POSSIBLE"
 CIRCO NA RÚA
 DOMINGO 13:00H
KANBAHIOTA - "VOLANDO VENGO"
 CIRCO NA RÚA
 DOMINGO 17:00H
BROKEN PEACH
 DOMINGO 19:30H



27 E 28 DE AGOSTO

CAMPIONATO GALEGO DE VELA VAURIEN
 SÁBADO E DOMINGO
FESTA ACUÁTICA 5 INCHÁBEIS ACUÁTICOS
 SÁBADO 16:30-20:00H
 DOMINGO 11:30-14:00H
 16:30-20:00H
FESTA DA AUGA 4 INCHÁBEIS DE AUGA
 SÁBADO 16:30-20:00H
 DOMINGO 11:30-14:00H
 16:30-20:00H
HUMOR AMARILLO 5 INCHÁBEIS WIPE OUT
 SÁBADO 16:30-20:00H
 DOMINGO 11:30-14:00H
 16:30-20:00H



Presentan o libro que recompila os premios de investigación

O Concello de Friol e a asociación Carballo Vivo realizaron un acto de presentación do libro que veñen de publicar, o cal recolle todos os traballos premiados nas tres edicións realizadas do seu recoñecido Premio de Investigación Concello de Friol. Esta publicación puido ver a luz grazas ao apoio económico do Concello de Friol e ao traballo que realizaron varios membros da asociación mencionada en liñas superiores.

É un traballo que se publicou en dous tomos, debido á numerosa cantidade de páxinas que o conforman, case 800 en total, e que recollen os seguintes traballos: *A arquitectura renacentista de índole civil e relixiosa en Friol: Posta en valor e dignificación*, de Cristina Barreiro Abuín; *Toponimia do Concello de Friol*, de Laura Ferro Devesa e Estefanía Ferro; *As mámoas e os petróglifos do Concello de Friol*, de Brais



Rodríguez Romero e Xabier Moure Salgado; *Friol prehistórico. Un estudo dos petróglifos, túmulos e castros do Concello de Friol*, de Ana Fariñas Rodríguez; *Friol como paradigma de estudo do románico rural galego*, de Alberta Lorenzo Aspres; e *Catalogación etnográfica do patrimonio hidráulico de Friol. Os muíños*, de Cristina Barreiro Abuín e M^{ra} del Carmen Prado Penas. Pode desfrutarse en formato dixital, de forma gratuíta,

na páxina web do Concello de Friol. Este proxecto iniciouse fai 3 anos, cunha comisión coordinada por Xesús Rodríguez Rodríguez, en colaboración coa editorial e as autoras e autores dos traballos, que viñeron traballando na súa edición, para facer publicables os documentos de investigación, co obxectivo de que foran accesibles e puideran ser lidos de forma comprensiva e útil por todas aquelas persoas que o desexen.

EN BREVE

ADEGA. Adegas organiza un ano máis, nos meses de xullo e agosto, as xornadas de verán Os catro elementos, coas que pretenden achegar as persoas á natureza a través da poesía. Así, o 26 de agosto, de 23 a 02 horas, farase unha andaina nocturna e observación de estrelas pola parroquia de Guldriz. Observarase o ceo nocturno na finca Rego Salgueiro, na parroquia de Guldriz. Esta finca acaba de ser cedida por unha socia a Adegas na que se atopa a mámoa nº2 da necrópole Costa de Mera. Nun pequeno percorrido nocturno, chegarase ata a medorra, onde observarán o ceo e as estrelas.

RECOLLIDA LIXO. Colectivos ecoloxistas organizan actividades de recollida de residuos en Friol no marco da acción 1m2 contra a basuraleza. Será o venres 12 pola mañá, ás 11:00 horas, en Friol, fixando como punto de encontro o Parque Rosalía de Castro. A participación é gratuíta, só é preciso que as persoas interesadas en participar envíen un e-mail a ud.medioambiente@deputacion-lugo.org.

Adxudicadas as obras de saneamento en Roimil

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, adxudicou por preto de 238.000 euros as obras de mellora do sistema de saneamento municipal na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol. O contrato foi adxudicado á empresa Hordescon, S.L e conta cun prazo de execución de 6 meses. Esta actuación enmárcase no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Friol para estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

A Xunta cofinanciará a actuación nun 80%, ademais de encargarse da contratación e da construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de oxidación



total. Pola súa banda, o Concello contribuirá ao financiamento do 20% restante, ao tempo que asume a tramitación das autorizacións precisas para posibilitar a súa realización, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo. A rede de saneamento proxectada componse dunha conducción principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo, e 4 ramais secundarios. A rede completase con 59 pozos de rexistro.

Acondicionan o exterior do CPI da localidade



O Concello de Friol investirá 17.000€ en acondicionar as beirarrúas que rodean o edificio de infantil e primaria, e tamén na renovación das escaleiras que dan acceso ao comedor do centro escolar CPI Doutor López Suárez.

Actualmente, tanto as beirarrúas como as escaleiras mencionadas, estaban en moi mal estado de conservación, debido ao paso do tempo, ao uso continuado por parte de todas as persoas usuarias do centro, e tamén por culpa das inclemencias meteorolóxicas.

As actuacións que se van levar a cabo son a renovación de 480 m² de beirarrúas, que conforman o total de metros que rodean os edificios de infantil e de primaria, e tamén as escaleiras exteriores que dan acceso ao comedor do centro escolar, ao que accede todos os

días a inmensa maioría do alumnado, pois case todas as persoas que están escolarizadas en este centro fan uso de este servizo.

Tanto as beirarrúas como as escaleiras seguirán no mesmo lugar no que estiveron ata o de agora, pero faráselles unha renovación para que a seguridade dos usuarios se vexa incrementada cando se atopan no exterior das aulas, e tamén cando van acceder ao comedor.

Estas obras xa se comezaron fai uns días, e está previsto que quede todo rematado antes de que comece o novo curso escolar, no mes de setembro.

O alcalde, Jose Ángel Santos, di que “debemos seguir na liña de axudar, na medida do posible, a que os centros públicos e os servizos dos que podemos desfrutar no noso pobo, sexan cada día un pouco mellores”.

Friol estrea un vixilante municipal

O Goberno local de Friol vén de nomear un novo Vixilante Municipal, despois de un tempo sen ese servizo, debido a que o Policía Municipal que exerceu durante moitos anos, se xubilara. Dende a Academia Galega de Seguridade remitiron ao Concello proposta de nomeamento como funcionario en prácticas do Concello de Friol, categoría de vixilante municipal, quenda de acceso libre.

Despois da convocatoria realizada polo Director Xeral da Academia, que convocou ás persoas aspirante ao acto de elección de praza, que tivo lugar o 18 de abril, tivo como resultado que a persoa proposta para ocupar a praza de Friol fora Rodrigo José Figueroa Vázquez. Polo tanto,

Rodrigo, é a persoa que tomou posesión como persoal funcionario en prácticas, na categoría de Vixilante Municipal, escala básica do Corpo de Policía Local do Concello de Friol. Dende o día 1 de xullo do presente ano 2022 xa está exercendo as súas labores ao longo dos 295 km² e as 32 parroquias coas que conta este municipio lucense.

O alcalde Jose Á. Santos anima a toda a poboación de Friol a “que cumpramos coas obrigas que temos como cidadáns, e tamén a que contem con este novo traballador que temos no Concello, cando teñan algún problema que entre dentro das súas funcións e que el poida solucionar, como Vixilante Municipal”.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60
ALÉN

O Concello cambia nun mes 1700 luminarias e 72 cadros eléctricos

O Concello de Pol rematou estes días o cambio de todas as luminarias do seu termo municipal á tecnoloxía LED, o que significou o cambio dun total de 1.700 lámpadas que implicou tamén o cambio de 72 cadros eléctricos.

Ademais e de forma experimental, o Concello instalou unhas cinco lámpadas solares nunha gandería e en tres casas, ás que non chegaba a liña eléctrica, para ver como responde esta tecnoloxía e se se adapta ás necesidades dos veciños.

Pol convértese deste xeito no primeiro Concello da provincia en facer este cambio “mediante obras e servizos, o que nos permite aforrar moitos cartos na fase de canon de conservación”, explica Rodríguez Ónega. O aforro está establecido en 50.000 ou 60.000 euros ao ano para os próximos exercicios xa que será o propio Concello o que se encargue do mantemento.

O Concello de Pol investiu nesta medida un total de 839.247,77 euros para o que solicitou o financiamento



do IDEA, que supón o 80%, un total de 671.398,21 euros. Polo tanto, o Concello aportou 167.849,55 euros. As obras, que tiveron unha duración dun mes estiveron ao cargo de Manuel Nova Castro Electricidad, de Monterroso, que deberá rematar todo antes do 13 de agosto. As lámpadas instaladas permitirán ao Concello un aforro do 40% e ademais teñen unha garantía de dez anos.

Para poder facer fronte ao pago desta obra, o Concello obtivo da Deputación 547.000 euros en forma de

antecipación, “o cal agradecemos”.

O alcalde lembra que agora as luminarias estarán en proceso de supervisión veciñal, polo que é o momento indicado de facer chegar ao Concello as anotacións que consideren oportunas sobre o funcionamento das mesmas.

Rodríguez Ónega avanzou tamén que aínda lles queda facer unha última actuación, que consiste na supervisión e reparación do cable do tendido nalqueles lugares que dea problemas.

A Festa ó Emigrante regresa o 24 de agosto

Pol celebrará o mércores 24 de agosto a súa tradicional Festa ó Emigrante cos veciños e visitantes que tamén queiran participar, e que se darán cita na carballeira de Mosteiro para desfrutar do xantar. O Concello tradicionalmente instalará unha carpa con capacidade para 1.800 persoas, para xantar no seu interior e gozar do ambiente festivo que haberá na carballeira. Ademais, os grupos tamén participan coas merendas no exterior da carpa e de feito, contarán tamén con diferentes postos de comida.

Nesta edición, a xornada dará comezo ás 11:45 haberá unha actuación na Carballeira de Mosteiro a cargo dun grupo de música tradicional. Acto seguido haberá pasarrúas a cargo da Tuna de Veteranos da Coruña. Seguirá, ás 13:00, a misa, para dar paso ao pregón, que estará a cargo de Beatriz Corbo Tellado, licenciada en Dereito e xefa de servizo no Ministerio de Xustiza. Unha hora máis tarde

procederá ao descubrimento da placa conmemorativa do XXXVII Aniversario da Festa ó Emigrante no Concello de Pol.

Ás 14:15 comezará a sesión vermú amenizada pola orquestra Solara e ás 15:00 terá lugar o xantar popular. Pola tarde, a partir das 16:30 horas, haberá xogos infantís e a actuación da charanga Louband. A música continuará pola noite, a partir das 23:00, coa verbena, que estará amenizada polas orquestras La Formula e Solara.

Como todos os anos, a comida estará aberta a toda a poboación, e para anotarse haberá que chamar ao Concello (982 345 029) antes do día 22 entre as 9.00 e as 14.00 horas.

Segundo explica o alcalde, Lino Rodríguez Ónega, na vila xa se ven moitos emigrantes “que agora son máis ben os fillos e netos dos que marcharon nas décadas dos 50, 60 e 70, aos que dedicamos principalmente esta celebración todos os anos”.

PROGRAMA DE ACTOS

- 11:45 Actuación na Carballeira dun grupo de música tradicional
- 12:00 Pasarrúas a cargo da Tuna de Veteranos de A Coruña
- 13:00 Misa solemne na Carballeira de Mosteiro
- 13:30 Pregón a cargo de dona **BEATRIZ CORBO TELLADO** licenciada en dereito e xefa de servizo Ministerio de Xustiza
- 14:00 Descubrimento da placa XXXVII Aniversario da Festa ó Emigrante
- 14:15 Sesión vermú amenizada pola orquestra **SOLARA**
- 15:00 Xantar na Carballeira de Mosteiro
- 16:30 Xogos infantís tradicionais e creativos
- 18:00 Actuación da charanga **LOUBAND**
- 23:00 Verbena coas orquestras

FESTA Ó EMIGRANTE
 DO CONCELLO DE POL
 MÉRCORES
24 de AGOSTO 2022
 na Carballeira de Mosteiro (Pol)

SOLARA E LA FÓRMULA

Organiza:



CONCELLO DE POL

Colaboran:

Empresarios de Pol



DEPUTACIÓN DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO



Cultura

EN BREVE

NATAción. O Concello organizou cursos de natación para o mes de agosto que se impartirán na piscina municipal. O prazo de inscrición para os mesmos está aberto e esta debe facerse no teléfono 626 850 544. Os cursiños terán lugar durante todo o mes de agosto. Por outra banda, o Concello mantén aberta a piscina municipal de verán de luns a domingo con horario de 12.00 a 22.00 horas. Os menores de 16 anos deberán pagar 1 euro e os maiores 1,9.

XIMNASIA. A Asociación Aquilino Iglesia Alvariño iniciou unha actividade de ximnasia de mantemento ao aire libre. Esta ten lugar todos os martes, ata o próximo 6 de setembro, de 17.00 a 18.00 horas, no campo da igrexa. As persoas interesadas en participar poden inscribirse na mercería Teresa. As clases para socios serán gratuítas ou co abono de 10 euros para os non socios. A formación estará ao cargo da veciña Julia Fernández.

A Deputación e o Concello repártense a compra da Torre de Caldaloba

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adquisición dunha das parcelas nas que se ubica a Torre de Caldaloba, na parroquia de Pino, en Cospeito. Trátase dun terreo de 19.596 metros cadrados, que inclúe a metade da edificación -53 metros cadrados de planta e as fachadas noroeste e suroeste- e o sistema de fosos e contrafosos defensivos do perímetro da edificación, datada no século XIV e considerada Ben de Interese Cultural desde 1994.

O terreo inclúe tamén un alxibe de 5 a 7 metros e profundidade e o acceso principal á Torre: un camiño rural, pertencente a unha rede de camiños nunha zona de concentración parcelaria, de 160 m de lonxitude, cun tramo duns 2,50 metros de ancho.

A vicepresidenta da Deputación de Lugo Maite Ferreiro explicou que



“tal e como anunciamos o pasado mércores, este venres aprobouse na Xunta de Goberno a proposta de adquisición desta propiedade, que ten un valor fundamental de cara a protección, recuperación e posta en valor da Torre, xa que ademais de albergar a metade do propio edificio, nela consérvanse tamén os restos do sistema defensivo que rodea a forti-

ficación”.

Maite Ferreiro reiterou que o obxectivo da Vicepresidencia da Deputación “é acadar, en canto sexa posible, a propiedade pública da totalidade da Torre e da súa contorna de protección para desenvolver un proxecto de recuperación, consolidación e posta en valor que reflecta a súa importancia patrimonial, histórica e

simbólica para Galiza”.

Por outra banda, o Concello aprobou tamén no último Pleno a expropiación forzosa do Pazo de Caldaloba, o que lle dará a propiedade da outra metade do inmovible. O Concello chegou a un acordo para a compra do terreo no que se atopa o foso sur, o que supón uns 2.470 metros cadrados.

Durante o Pleno, o BNG pediu ao Goberno local “o goberno municipal que non poña atrancos á recuperación da Torre con procedementos que retrasan e afastan o escenario dunha pronta rehabilitación e posta en valor deste ben patrimonial”.

Pola súa banda o PSOE, que votou a favor da proposta, participou no debate alegando que “é necesaria unha unión de todas as partes para que o proxecto vaia para adiante”

Convocada unha reunión de voceiros para falar do PXOM

O Pleno, no que se deu conta da renuncia da retribución ao concelleiro do Álvaro Puente, aprobou unha moción do PSOE na que se pedía que o Goberno local instase á Xunta a vixilar o debido cumprimento do convenio colectivo para as traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar. Esta mesma petición farase á empresa concesionaria do servizo en Cospeito.

Ademais, no mesmo pleno informouse de que se vai celebrar xa a reunión da Comisión de Urbanis-

mo para tratar sobre a situación do PXOM agora que a nova empresa concesionaria fixo un estudo da situación actual.

Por outra banda, o alcalde informou ao PSOE que finalmente se ocupará de facer unha pequena intervención na consulta do centro de saúde de Feira do Monte que está no soto. E, a preguntas dos socialistas, informouse de que en setembro abrirán os locais sociais da casa da cultura de Muimenta e da Feira do Monte.

Volve o Festival Pozo Mouro a Muimenta o 3 de setembro

Fíxose esperar dous anos, pero finalmente habrá unha segunda edición do festival Pozomouro, organizado pola Asociación Cultural Avelino Iglesias Alvariño e que terá lugar o 3 de setembro na área recreativa Ribas do Miño, en Muimenta.


A celebración, que terá lugar en sábado, dará comezo ás 11.30 horas cunha ruta polo río dirixida por Daniel, Kiko e Roi seguida dunha sesión de biodanza con Naiara.

Á hora do vermú habrá un concerto folk a cargo de Breocáns para come-

zar coa romería popular na que os participantes deberán aportar o seu xantar. A tarde estará completa de actividades entre as que figuran unha xincana e varios postos ou pozos con títulos suxerentes como Miúdo, Ilustrado, Circo ou Musical. Finalizarán cun coloquio sobre minas e os problemas edíficos con Margarida Prieto, Xoán Doldán, Nery Díaz e Andrés Castro. Contra a noite está previsto un recital poético con micro aberto para Rafa Lobelle, Xabier Cordal e Rochi Nóvoa.



A xornada repatará con tres concertos, que estarán ao cargo de Sofía Espiñeira, con música de raíz; Brazil Love Affair, funky brasileiro, e Pillaband's, folk fusión. Un DJ porá o punto final á xornada musical, que rematará coa acampada.



constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

charanga LUGO

REBAJAS HASTA -60%

Avd de la coruña 39, lugo ☎ 648.739.473

Presentan a X edición do festival 27373, que terá lugar o 13 de agosto

Regresa con toda a súa forza ao Club Fluvial de Begonte o Festival 27373, que xa ten preparada a súa programación para a que xa é a décima edición que se celebra neste concello chairego, que este ano será o 13 de agosto.

Organizado por Castiñeiro Milenario, celebrarase como sempre no Club Fluvial comezando a sesión a partir das 14.00 horas coa sesión vermú cun grupo de música tradicional e xa pola tarde ás 17.00 horas será o Aberto de billarda. Unha hora máis tarde tamén está previsto un campionato de cimbrón. A música dará comezo ás 18.00 horas coa participación de catro artistas.

Así, abrirá o apartado musical Lidia Botana, que estivo na primeira edición cos maravillosos Labregos do Tempo dos Sputniks, repetiu nun concertazo cos míticos ZENZAR "rock en galego" e este ano traerá un novo espectáculo dirixido ao público familiar e infantil.

O segundo en actuar será AC Mag-



húa Galiza, seis músicos que desde A Coruña van encher o torreiro de música tradicional. Tamén destaca no programa o grupo Flow do Toxo, rapeiras, feministas e combativas que proceden do Condado. Pecha a programación Os Vacalouras, de Teis, catro mozos cunha enerxía increíble, un directo potentísimo e que fan do mellor punkrock do país.

O Virxe do Corpiño implementa na biblioteca un Polo Creativo

O CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño foi seleccionado para implementar o programa de innovación educativa Polos Creativos. O actual, anexo á biblioteca, conta xa cun deseño modular e innovador despois da inversión realizada no pasado curso. Grazas ó programa, complementárase dotando o espazo dun importante equipamento especializado.

Enfocárase á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria. Tamén poderá albergar prácticas de investigación e experimentación. Terá unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía...).

Funcionará como centro de actividades no que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electrome-



cánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.

Será, ademais, un espazo aberto á comunidade local de Begonte para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que dende o centro se ofertarán actividades formativas para os diversos colectivos. En concreto, facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

EN BREVE

MONÓLOGO. O Concello de Begonte continúa coa programación cultural de verán coa actuación de David Perdomo, coñecido humorista galego, que presenta o seu novo monólogo. A actuación terá lugar o 20 de agosto, a partir das 21-30 horas no club fluvial de Begonte, con entrada gratuíta para todos os asistentes. Músico, actor e guionista, David Perdomo (A Coruña, 1980) é un dos nomes imprescindibles do humor en Galicia.

VIAXE. O próximo mércores día 24 de agosto, o Concello de Begonte levará de excursión a Pontevedra e Combarro aos veciños, onde ademais poderán gozar dunha viaxe en catamarán e dunha mariscada a bordo. O prezo da excursión é de 35 euros para veciños e 45 para os non empradroados. A organización estableceu un máximo de 80 prazas, para as que a inscrición remata o 22 de agosto. Para realizar a inscrición será necesario cubrir o modelo de solicitude, achegar o DNI, a tarxeta sanitaria e o xustificante de pago (facilitárase o número de conta para facer o ingreso na propia solicitude).

Hijos de
Ramón Rubal

COMPRAMOS
MADERA
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

Asinan o convenio que permitirá construír a residencia de maiores



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou coa alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, o novo convenio de colaboración entre ambas administracións que fará posible a construción do Centro de Atención a Maiores da localidade tras o colapso da Casa da Botica debido a un temporal, unhas obras para as que a institución provincial aumenta o investimento que tiña previsto inicialmente nun 30% (450.000€), ata alcanzar os 2M€.

“Este día ten moitísimo traballo detrás e demostra o noso compromiso absoluto co Concello e cos veciños e veciñas de Guitiriz”, subliñou o mandatario provincial, quen lembrou que o colapso da antiga Casa da Botica “obrigounos a comezar practicamente de cero”.

Polo tanto, a incidencia do temporal “retrasou a execución das obras”, asegurou o presidente, pero “é igual de certo que, co novo proxecto que redactamos, conseguiremos unhas instalacións máis modernas, con maiores prestacións, máis dimensionadas e mellor adaptadas ao modelo asistencial que temos implantado na Deputación”.

Engadiu así mesmo que se respectan os elementos patrimoniais catalogados e de interese da Casa da Botica, como son o reloxo de sol, as

xambas e a lareira, “que quedarán integrados no novo edificio”, sinalou José Tomé.

O proxecto está valorado en practicamente 2M€, destacou o Presidente, o que significa unha subida dun 30% (450.000€ máis) con respecto ao anterior presuposto, un “aumento importante, que asume integramente a Deputación de Lugo”.

PRÓXIMOS PASOS. Os seguintes pasos serán solicitar ao Concello a modificación da licenza municipal de obra e á Xunta de Galicia a autorización correspondente, ademais de iniciar, ao mesmo tempo, o procedemento para licitar as obras do edificio co obxectivo de que, se todo vai sobre o previsto, queden adjudicadas antes de finalizar este ano 2022.

PP. O portavoz popular na Deputación, Javier Castiñeira, asegurou que este convenio “é unha mostra máis da moi deficiente xestión do goberno que implica un inxustificado derroche dos recursos provinciais”. Engade que ao aumento de custos hai que sumar o “grandísimo retraso que leva a construción desta residencia e as posibles sancións por como se fixeron as cousas que, finalmente, provocaron o derrubamento da Casa da Botica”.

Aprobada a primeira ordenanza municipal de tráfico da súa historia

O Concello de Guitiriz aprobou provisionalmente a ordenanza municipal de tráfico da súa historia. Onte celebrouse unha sesión ordinaria do Pleno da corporación, onde a iniciativa contou cos votos favorables do grupo de goberno e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención dos catro edís do Partido Popular.

Estará a exposición pública para que a veciñanza teña a posibilidade de presentar alegacións o documento, que en todo caso “se trata dun paso moi importante para instaurar a correcta convivencia entre vehículos e peóns no noso municipio”, avanza a alcaldesa, Marisol Morandeira.

Noutro dos puntos tratados no Pleno, acordouse investigar a titularidade da parcela 18 do Polígono 370 no lugar de Pacelo – Pedrafita, por unanimidade, así como modificar o inventario de bens municipais de camiños no lugar de Belote – parroquia de Lagostelle.

Noutro dos puntos a tratar na orde do día, debateuse a aprobación inicial da modificación do orzamento



2022 por un total de 97.283,39 euros, que se destinará a melloras de camiños, un circuito de pump truck, saneamento, unha bomba para a piscina ou a mellora dos accesos en Pumariños, entre outros. Isto foi posible grazas á boa xestión do goberno, que acadou maiores investimentos do previsto, entre outros motivos, pola óptima tramitación de obrigas tributarias como o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

Tratouse de urxencia o dar conta da Conta Xeral para a súa aprobación,

que contou cos votos favorables do grupo de goberno, a abstención do PP e o voto en contra do BNG.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destacou que “nesta sesión avanzouse moito cara o modelo do Guitiriz que queremos implementar, máis respectuoso co peón”, á vez que se continúa “nunha liña de traballo desde o grupo de goberno en favor da amplitude da oferta de servizos públicos, a mellora dos lugares do noso municipio ou o impulso de instalacións moi demandadas pola nosa veciñanza”, avanzou.

Ultiman o programa de verán cultural

Guitiriz continúa este verán cunha variada programación de actividades socio-culturais e exposición que continúa co obradoiro de maxia e unha actuación de Aprendeime. Este será o xoves 18 na praza do Campo da Feira ás 19.00 horas e está destinado ó público familiar.

A seguinte será o mércores 31 de agosto, tamén na praza do Campo da Feira e ás 19.30 horas e será un espectáculo de maxia na rúa.

Xa por último chegará a quenda de Os contos da leiteira, que nesta ocasión será o 8 de setembro na Casa Habanera a partir das 18.00 horas. Esta obra esta destinada a un público familiar.



PUNTO DE LAVADO DE BICICLETAS. O Concello de Guitiriz vén de acondicionar un punto de lavado de bicis que xa está operativo. Este está situado no aparcamento da Rúa Sesulfe (ao lado do Campo da Feira), tal e como explicou o colectivo Btteiros Cova da Serpe. “Queremos agradecer ao Concello de Guitiriz por escoitar a nosa petición e facela posible! Cada vez son máis persoas as que veñen coñecer Guitiriz a golpe de pedal e sen dúbida isto mellorará a súa experiencia”, explican.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

TAHONA GURRÁS

Gestas almuerzo

Un detalle ideal para calquera tipo de celebración

620417388

Regresa a Romaría Labrega da Chaira tras dous anos de ausencia

A Romaría Labrega da Chaira tivo que esperar dous anos para poder celebrar a XXX edición nos Vilares de Guitiriz, que serán os días 13 e 14 deste de mes con merendas na carballeira do Cancelo.

O sábado abre a xornada a ruta cabalar ás 10:00, e contará cun menú de empanada, paella, costela asada con patacas, sobremesa, café e chupito, e todo isto por un prezo de 25 euros.

Máis tarde será a inauguración da IV Mostra de artesanía e a Carreira Popular para a que será preciso inscribirse antes do 11 de agosto.

O pregón, que será ás 14:00 horas, correrá a cargo de Manuel Castro

Santamariña, Cachan, e despois haberá unha sesión vermú cos Leirabuxo. Antes tamén está prevista a actuación de pandereteiras Na casa Zoqueiro.

Pola tarde haberá xogos populares infantís e xincanas e carreiras de cabalos, ademais do sorteo dunha xovenca de Rubia Gallega, ademais da actuación de Peter Punk e hinchables.

Para a cea poderanse degustar liscos e chourizos, e tamén haberá actuacións de Carunchos e Os Residuos Atractivos.

O domingo 14 comezará ás 11.00 horas cunha escultura con motoserra a cargo de Marcos Mariño e a saída da

Marcha de Vehículos Antigos pola parroquia e posterior concentración na carballeira.

A música na sesión vermú correrá a cargo do grupo Reuinta da Laxeira, desois da actuación de Os Trapeiros dos Vilares.

Pola tarde e tras a actuación de Bruxainas terán lugar de novo os xogos populares, as probas de habilidade con maquinaria agrícola, a III carreira de cortacéspedes, festa da espuma e o sorteo de varias esculturas feitas con motoserra.

De novo para a cea poderanse degustar liscos e chourizos tratuítos para rematar coa actuación de Javi Show.

O Parga Rock trae sesión matinal e pasatabernas

O Parga Rock regresa este ano con forza nas súas datas habituais da primeira semana de setembro. Cunha previa o día 2, o programa céntrase no día 3 coas actuacións da noite, para a que xa están confirmadas catro grupos de prestixio no panorama musical.

Abrirase a sesión con Raze, que se estrea no festival e seguirán cos composteláns Tecor Sociário, banda de folk, punk rock moi solicitada polos seguidores do festival. Subiranse tamén ao carro Jolly Joker, descendentes aventaxados dos 60-70 xunto a Leo Jiménez, unha das mellores voces, senón a mellor, do panorama metaleiro nacional.

Pero este ano o festival contará tamén cunha sesión vermú rockeira que estará ao cargo de



Cuarta Xusta, co rock máis comprometido e reivindicativo.

E pola tarde, non faltarán tamén os pasatabernas para vivir intensamente o Parga Rock na carballeira da localidade con entrada de balde.

A subdelegada afirma que Guitiriz é un dos concellos máis seguros da provincia

A Xunta Local de Seguridade analizou a evolución da seguridade cidadá neste concello e a marcha dos plans operativos que desenvolve a Secretaría de Estado de Seguridade.

A subdelegada informou de que Guitiriz é un dos concellos máis seguros da provincia, segundo reflicten os datos de delincuencia rexistrados o ano pasado. Isabel Rodríguez explicou que as estatísticas da Garda Civil recollen que se pechou 2021 con unha taxa de criminalidade de 17,23 por mil habitantes, cando a media de España é de 41,4 por mil e a da provincia de Lugo de 24,6 por mil.

En total foron 94 as infraccións penais rexistradas o ano pasado neste concello, das que 63 foron delitos graves e menos graves e 31 leves. Esta cifra supón que a delincuencia mantívose o ano pasado por debaixo dos niveis de criminalidade previos á pandemia, pois ao comparar os datos cos de 2019 obsérvase un descenso no número de delitos do 3,09%, xa que nese ano houbera 97 infraccións penais.

Isabel Rodríguez tamén resaltou o excelente labor da Garda Civil, grazas ao cal aumentou en máis de 10 puntos a eficacia policial. En 2021 foi do 61,7%, xa que logrou esclarecer 58 dos 94 delitos cometidos, mentres en 2019 a porcentaxe de delitos esclarecidos fora do 51,55%, ao resolver 50 dun total de 97.

Mostra póstuma de Ana Sastre

Guitiriz inaugurou na Casa Habanera a exposición póstuma de Ana Sastre Proxecto Guitiriz Virxes Románicas de Galicia, reproducións elaboradas en madeira, pasta de papel e cola de carpinteiro de tallas dos séculos X, XI e XII que se poden atopar espalladas polas catro provincias galegas.

Son un total de 16, repartidas nas catro provincias galegas.

Poderase visitar a exposición ata o vindeiro 17 de agosto, en horario de mañá: de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas; e en horario de tarde, o luns e xoves de 16:00 a 18:00 horas, na Casa Habanera e coa entrada de balde.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS



R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade

Telf. 982 871 103

URXENCIAS

24

HORAS




Camino Praia Fluvial, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.900m ² Solar para edificar vivienda unifamiliar.	36.000€
Camino Praia Fluvial 15, Vilalba Terreno / No urbanizable 3.481m ² En Vilalba (Lugo), zona de la playa fluvial, se vende parcela rústica de 3.400 metros. La finca dispone de acceso directo desde la carretera.	7.500€
N-634 40, Vilalba Casa / Chalet independiente 3 Dorm 2 Baños 182m ² Se vende casa en construcción en Martiñán, municipio de Vilalba (Lugo), tiene 182 metros que pueden distribuirse a gusto del comprador.	30.000€
Avda. Terra Chá 112, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ² En Vilalba (Lugo), avda. Terra Cha, en el edificio situado delante de cuartel de la Guardia Civil, se ofrece en venta una vivienda de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. El piso se vende amueblado. Dispone de calefacción individual, ascensor, trastero y garaje en el mismo edificio.	110.000€
Galicia, Vilalba Piso 1 Dorm 1 Baño 42m ² En el centro de Vilalba (Lugo), se vende apartamento de 1 dormitorio, un baño y cocina salón. Dispone de calefacción individual a gas ciudad y de ascensor. En el bajo del edificio hay un supermercado.	30.000€
Conde Pallares 20, Vilalba Edificio residencial 489m ² En la calle Conde Pallares de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un edificio repartido en un bajo de 140 metros y tres viviendas de unos 100 metros cuadrados cada una. El edificio tiene orientación Sur.	95.000€
Parroquia de Arbol, Vilalba Casa Rural 3 Dorm 0 Baños 134m ² En la parroquia de Arbol, a unos seis kilómetros del casco urbano de Vilalba (Lugo), se vende una vivienda rústica a reformar, fachada en piedra. Además de la casa, se venden otras construcciones que existen en la finca. La cual tiene una superficie de 46.000 metros cuadrados en una sola pieza. En el precio se incluyen también, una finca de 25.000 metros cuadrados y otra de algo más de 4.000 metros cuadrados.	75.000€
Avda. da Terra Chá 120, Vilalba Piso 2 Dorm 2 Baños 80m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 2 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción individual de gas ciudad y se vende todo amueblado.	85.000€
Pravia, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 100m ² En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, en calle de la Pravia, en el que hay cuatro habitaciones y sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual de gas ciudad, ascensor y un trastero en el bajo cubierta.	75.000€
Carrizo s/n, Vilalba Casa / Chalet independiente 4 Dorm 3 Baños 280m ² En la parroquia de Santaballa, (Carrizo), a unos cinco kilómetros de Vilalba (Lugo) y a medio kilómetro de autovía Ferral - Vilalba, se vende chalet en construcción para ser terminado por el comprador, con fachada en piedra, de unos 280 metros y con una finca de 3.100 metros. Se encuentra cerca de la charca del Alligal y del Hotel Spa África.	149.000€
Herrería 25, Vilalba Casa / Chalet Adosado 3 Dorm 1 Baño 253m ² Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.	55.000€

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
 Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
 Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

“O máis urxente é rematar coa ampliación do polígono e a ponte”

Antonio de Dios Álvarez é o alcalde de Meira dende o ano 2015

Pode facernos un balance do que vai de lexislatura?

Sen dúbida un dos proxectos máis destacados foi a apertura da residencia de maiores por parte da Deputación, que abriu en novembro do ano pasado con 30 prazas e 20 como centro de día. Agora mesma a residencia está a tope con todas as prazas cubertas e temos previsto aumentalas a 38 en canto se poda, tal e como acordamos. Ademais, quero subliñar e asegurarlle á poboación de Meira que o centro de día se vai abrir e farase cando corresponda porque hai que seguir unha orde establecida pola Deputación. Outro dos grandes proxectos deste ano é a Finca do Plantío, onde van 200 aparcamentos, ademais da ITV da comarca para motos, coches e tractores, que se ubicará neste lugar cando lle corresponda. Alí tamén está previsto celebrar unha feira por parte dos empresarios de Meira. Son un total 5.800 metros cadrados que xa teñen ubicación dos 14.300 que ten todo o terreo. O resto, máis de 7.000 destinaranse para actividades deportivas, non para campo de fútbol que xa temos, pero si para outras actividades como baloncesto ou pistas deportivas. Vai unha rúa con idea en principio de delimitar a urbanización e o núcleo da enfermaría. No apartado deportivo tamén se está a rematar de cubrir a pista de pádel. Queríamos facer unha cousa que quedara bonita e que fóra práctica e así o fixemos. Por outra banda, quero tamén transmitirle aos veciños que xa temos permiso da Confederación para a rehabilitación da ponte de saída de Meira a Asturias, na N-640, que consistirá na reforma do mesmo, a súa ampliación e a construción dunha pasarela. Xa hai un proxecto de Fomento que está en marcha. Do mesmo xeito que hai tamén un proxecto para rehabilitar a casa da cultura no interior e no exterior.

Estase investindo tamén moito en revalorizar a zona do Pedregal?

Hai un ano firmabamos coa Confederación o convenio que nos permitirá realizar un miradoiro, un aparcamento e un centro de interpretación no Pedregal de Irimia, un proxecto ilusionante que xa está en marcha e que comezará a constuirse imaxino que sobre setembro ou outubro. Ademais está en marcha outro proxecto no Pedregal de Irimia, pasando por Meira, dun roteiro que enlaza con Fontimiñá.

Segue traballándose tamén nas vías?

Son moitas as pequenas obras que temos que facer para levar os servizos a todos os puntos do Concello. Así, por exemplo estamos en distintas fases na mellora de vías en Vilaxuso, Grañanova, o núcleo de Irimia e o de Seixosmil así como a vía de Seimoxil a Cuiñas de acordo co alcalde de Ribeira de Piquín. Tamén repasouse o Valdacal e se rehabilitou a rúa do Cercado, que vai a Ribeira de Piquín. Por outra banda, tamén en Casanova vaise facer o saneamento, que saíu a contratación e xa está adjudicado. Serán preto duns 60.000 euros para deixar esta zona en perfecto estado xa que carecía deste servizo básico. Vén tamén de finalizar a obras da traída de auga da Corota, que xa está funcionando para 12 veciños e que estivo financiada pola Deputación que por fin poden contar cun servizo básico que non tiñan. Destacar tamén que no casco urbano termiráronse de delimitar as beirarrúas para persoas con problemas de mobilidade.

Tamén houbo outros cambios en canto as instalacións municipais como o da oficina de Turismo?

Certamente, temos agora unha oficina de Turismo a disposición de todos, tanto veciños como visitantes, moi mellorada e con moitos servizos. Tamén instalamos un ascensor para

persoas con mobilidade reducida na casa consistorial e logrei manter o compromiso que adquirín coa veciñanza de manter na vila unha oficina de Correos, que ofrece todo os servizos. Por outra banda, tamén temos o compromiso do delegado da Xunta de que se vai trasladar en breve a oficina de Extensión Agraria da entreplanta na que está agora, sen accesibilidade, a un lugar máis axeitado. Dende o Concello, puxemos a disposición da Xunta varios locais para poder facer o traslado e finalmente non fixo falta, xa que eles aportaron tamén o local que en breve se vai habilitar.

Como está a situación do polígono?

Tanto o tenente de alcalde coma min, xunto cos empresarios, mantivemos varias reunións co delegado da Xunta para impulsar a obra de finalización do polígono que había e a construción dun novo. A ampliación que propuxemos, de acordo cos empresarios, a Xestur e á Xunta consiste en aumentar un pedazo de terreo por detrás de cada nave. Por outra banda queremos facer un novo polígono para o que popoñeremos a zona do Carballal e estamos á espera do que decidan na Xunta. O polígono é unha das nosas necesidades máis importantes agora mesmo.

Supoño que o centro de saúde é a outra

Hai 5 anos que este alcalde, o conselleiro e o presidente da Fegamp negociamos para rehabilitar o PAC e deixamos 300.000 euros para rehabilitalo. O centro tiña unhas necesidades que agora son máis pola relevancia que ten na comarca, xa que atende a 6 concellos.

De que proxecto se sente máis orgulloso?

Sen dúbida da residencia, é un hotel de 5 estrelas, onde os nosos maiores están moi ben atendidos nunha situación privilexiada, e ademais supuxo 25 postos de traballo. Lembra-



mos que aínda que está en Meira, a xestión da residencia está ao cargo dunha empresa que é a que se encarga das contratacións e de xestionar a lista de espera, na que teñen preferencia coma debe ser a xente de Meira

E de cara ao futuro?

Temos a idea de ampliar a área de caravanas e a ponte, pero este último é prioritario porque xa está todo preparado e acordado para que comece a obra. O da área de autocaravanas chegará tamén pero non é tan prioritario. E logo seguiremos traballando en todo o que nos piden dende o colexio, ou a gardería así como o centro de maiores para mellorar a contorna.

Este ano recupéranse as festas ao completo. Que significa iso para Meira?

Pois volve ser un impulso importante para a vila, xa que son momentos nos que recibe moitos visitantes e supón unha inxección para a economía e turismo. Sen dúbida, estamos moi contentos de que volve haber festas. Tamén se recupera a Malla, que terá lugar o 28 de de agosto e que tamén terá unha programación completa, similar a anos anteriores á pandemia coa feira de artesanía, actuacións musicais e o cocido. Algo que hai que agradecer á asociación

encargada de organizalo todos os anos e coa que estamos encantados de colaborar. Ademais, é importante recuperala por é Festa de Interese Turístico Galego.

Como está a situación coa Vía Rexia?

A situación da Vía Rexia está un pouco en stand by debido á pandemia pero vaise recuperar o proxecto e seguir onde o deixamos. Estabamos no proceso de que os concellos aprobemos todo o que se debatiu e a idea é pasado o verán retomalo e darlle o último impulso. Aínda que leva dous anos parado pola pandemia non está aparcado, está sobre da mesa.

Que novidades deportivas hai para o Concello?

Pois este ano temos a terceira edición da Carreira Popular, unha cita que vemos que se está a consolidar con preto dos 140 inscritos en todas as categorías. Pero non é o atletismo a única actividade que estamos a potenciar. Este ano intentaremos potenciar un equipo de xuvenís de fútbol campo. Levamos oito anos coa idea e cremos que é o momento o fútbol base, para formar a nosa propia base. Tamén temos previsto incorporar ximnasia de matemento para maiores, cursos para todos os grupos de idade, etc... volver poñelo todo en marcha.

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
LOS REVUELTOS DE BARRIL ALCO PÍCAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BODEGA

Xestur adxudica o proxecto do parque empresarial

Xestur adxudicou a José María Alonso Carrasco o contrato de redacción do proxecto de urbanización e electrificación da ampliación do parque empresarial de Meira (Polígono C), por 25.900 euros. A ampliación desta área industrial terá unha superficie total de 23.392 m2 cun investimento previsto na ampliación de 1,7 millóns de euros. Cómpre lembrar que a primeira fase conta cunha superficie total de preto de 66.000 m2 e todas as súas parcelas están vendidas.

Continúa o proceso de irmandamento

Meira volveu acoller unha visita da delegación homónima do Concello de Moaña dentro do proceso de irmandamento que están a levar a cabo. O grupo foi recibido polo alcalde meirego, Antonio de Dios, que se desprazou á localidade para desfrutar dunha xornada de feira ademais de visitar os lugares emblemáticos do Concello, como son a igrexa de Santa María, a praza Maior e o parque Profesor Río Barja.

Meira prepárase para as festas

A Comisión de Festas de Meira fixo público o programa deste ano, no que se recupera a normalidade festiva con datas de celebración dende o 13 ao 17 de agosto, ambos os dous incluídos.

As festas, na honra da Nosa Señora e San Roque, terán o seu inicio o sábado 13 cunha sesión de cantos de taberna, que se desenvolverán na vila a partir das 20.00 horas.

Ademais, ese mesmo día tamén terá lugar a Carreira Popular, con arredor de 140 participantes de todas as idades. Trátase da terceira carreira e xa está consolidada.

Así mesmo, tamén o sábado terá lugar a Festa da Panceta, coa venda de pinchos de panceta con pan e caña por 2,50 euros. Será a partir das 21.30 horas na praza Maior nunha noite animada pola música dun DJ.

O domingo 14 as celebracións iniciaranse coa misa solemne, ás 13.00 horas, e a actuación da Banda de Acordeóns de Meira, en sesión vermú. Pola tarde será tempo dos nenos co espectáculo Circo Estrelas Máximas, na praza Maior a partir das 18.30 horas, seguido, dúas horas máis tarde, do concerto da Banda Municipal de Meira.

Á 22.00 horas as festas abriranse de forma oficial coa lectura do



pregón a cargo de Andrés Goteira, director de cine e gañador do XIII Mestre Mateo, rematando a xornada coa verbena que dirixirán Super Fabrick e Music Scaffold con sesión de pirotecnia á medianoite. O luns haberá pasacalles pola mañá coa charanga Os Trileros mentres que a misa estará cantada polo Coro Parroquial de Meira. Tamén haberá sesión vermú, nesta ocasión ao cargo da orquestra Lecer, que tamén estará pola noite na verbena xunto a Marbella.

Ese mesmo día, durante a tarde haberá competición de 3x3 ás 18.00 horas e concerto da Prebanda e o grupo de Saxofos dende as

20.00 horas.

O día de San Roque comezará coa saída da igrexa en procesión á capela de San Roque acompañada polo grupo de Gaitas de Meira e a Banda de Acordeóns local. Finalizará esta cunha misa maior á que seguirá a tradicional sesión vermú coa orquestra Cocktail.

Pola tarde, ás 18.00 horas será a tradicional festa infantil para pecha o día coa verbena a cargo de Cocktail e a actuación de Antonio Barros, ex cantante da orquestra Kubo.

A fin de festa será o mércores coa tradicional xira campestre no porto da Pena, con actuación dunha charanga, grupo musical e discoteca móbil, ademais de xogos populares.

MALLA. Tamén se recupera este ano a celebración tradicional da Malla, que terá lugar o día 28 de agosto, correspondente á edición número XXIX, xa que o ano pasado houbo unha pequena celebración pero sen a malla.

Volverá este ano a música, os xogos para nenos, exposición de artensanía e maquinaria e un xantar a base de cocido nesta cita obrigada que ten a distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia.

María do Ceo actúa na vila en favor da investigación do síndrome CTNNB1



A cantante portuguesa María do Ceo actuará o 10 de agosto, mércores, en Meira nun concerto benéfico que ten como obxectivo recaudar fondos para Adriana, unha pequena meirense que ten o síndrome CTNNB1, unha enfermidade que só sofren 15 persoas en España.

O recital arrincará ás 21.00 horas na igrexa de Santa María e o prezo da entrada será de 15 euros por persoa.

O Concello de Meira está moi vinculado á visibilización desta enfermidade e xa o pasado 25 de xullo iluminou a casa consistorial de cor azul no día Internacional tamén do Síndrome CTNNB1.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Chega o I Certame de Teatro Aficionado

En conmemoración do 50 aniversario da creación do grupo teatral Os Baluros celébrase en Castro de Rei o primeiro Certame de Teatro Aficionado. As representacións teñen lugar os sábados ás 20:30 no centro cultural Xosé Manuel Carballo.

O certame deu comenzo o 30 de xullo con dúas representacións e continuou o día 6 con *Sainetes* do grupo de teatro Quemaisten. Así, o día 13 con *O Randiña* do grupo O Torques e o 20 de agosto con *El crédito* a cargo do grupo Remociarte serán as seguintes citas.

Para clausurar o certame o grupo Os Baluros representarán a obra *O menciñeiro á forza* o sábado 27 de agosto. En todas as representacións a entrada será libre ata completar o aforo.

O longo de todo o certame o centro cultural Xosé Manuel Carballo



contará tamén coa exposición de debuxo e fotografía Instantes dos autores Carmen Cabaneiro e Juanjo de la Comba. Toda a recadación da mesma destinarase a Asociación Asistencial Protectora de Anímais de Foz.

Volven licitar as obras do Plan Único pola suba de prezos

O Concello de Castro de Rei inicia unha nova licitación das obras do Plan Único do ano 2022 logo de quedar deserta a anterior licitación debido á suba do prezo dos materiais.

As obras licitadas inicialmente por 262.399 euros quedaron desertas na primeira licitación, polo que é necesario iniciar un segundo proceso no que os prezos se adaptan aos custos actuais, por importe de 302.379 euros.

As obras consisten na rexeneración

e pavimentación de accesos aos núcleos de Ramil, Balmonte, Viladonga, Goberno, Outeiro, Bazar, Santa Locaia, Orizón, Mondriz, Dumpín, Duarría, A Ribeira, Bendia, mos e Triabá.

“Actuarase nas pistas das distintas parroquias do Concello coas que se pretende deixar totalmente rematada a rexeneración da rede viaria municipal logo de varios anos de investimentos en vías municipais”, explicou o alcalde, Francisco Balado.

As obras de renovación das beirarrúas rematarán en outono

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, avanzou que en outono os veciños de Castro de Rei terán á súa disposición unhas beirarrúas renovadas, accesibles e seguras que completan un investimento da Xunta de 700.000 euros na LU-113.

A intervención, cun investimento de case 420.000 euros, desenvólvese ao longo de practicamente un quilómetro, desde o centro do municipio, á altura da praza de Galicia, ata a saída do núcleo.

Os traballos mellorarán a seguridade e a comodidade dos peóns, especialmente das persoas con mobilidade reducida e das familias con carros de bebés, que hoxe teñen dificultades para transitar por unha zona na que se emprazan servizos como o instituto, o colexio, a biblioteca, o pavillón ou a residencia de maiores. Segundo detallou a conselleira, a actuación inclúe a demolición das actuais beirarrúas e a súa reconstrución, dotándoas dun ancho mínimo de 1,8 metros para garantir o cumprimento da normativa de accesibilidade.

Ademais, colocaranse un total de 25 ramplas para mellorar os accesos aos garaxes e ás propiedades.

Os traballos comezaron polo punto máis afastado do núcleo urbano e contan xa con máis de 400 metros



de nova beirarrúa completada pola marxe dereita, traballando de xeito paralelo pola marxe esquerda, de forma que as obras acadan o 30% de execución.

Estes traballos completan un proxecto cuxa primeira fase rematou a Xunta en 2020, renovando as beirarrúas ao longo de 1,2 km, entre o cemiterio de Duarría e a carballeira de Castro Ribeiras de Lea.

A conselleira puxo en valor a colaboración da Xunta co Concello de Castro de Rei a través doutros proxectos en execución, como a segunda fase do abastecemento, cun investimento conxunto de 360.000€ para mellorar o subministro nesta parroquia e servir ao polígono empresarial.

PARROQUIAS. O Concello de Castro de Rei adxudicou a obra de rehabili-

tación de dúas importantes vías municipais nas parroquias de Mondriz e Ribeiras de Lea, que teñen un importe total de 101.656 euros. Estas obras fanse con cargo ao Plan Marco da Xunta de Galicia, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

A primeira das Vías está situada no lugra de Veigas do Couso e ten un quilómetro de lonxitude comunicando a N-640 coa estrada que discorre entre Castro Ribeiras de Lea e Ludrio. A segunda das vías comunica o lugar de Castrillón, na parroquia de Ribeiras de Lea coa parroquia de Castelo, no Concello de Outeiro de Rei. Trátase dunha vía de case dous quilómetros.

Ambas as dúas son moi transitadas pola poboación e precisa dunha reparación debido ao intenso tráfico que soportan.

Comezan as obras da segunda fase do abastecemento

A Xunta iniciou as obras da segunda fase da mellora da rede de abastecemento de auga ao concello de Castro de Rei, que supoñen un investimento de 298.549 euros.

Esta nova actuación, que ten un prazo de execución de 6 meses, dará continuidade á primeira fase da mellora do abastecemento, cuxas obras foron rematadas o pasado mes de decembro cun investimento de 630.000 euros.

A primeira fase centrouse na construción de dous tramos de tubaxe de abastecemento de fundición no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e nas inmediacións do termo municipal. Tamén se executaron varias arquetas de formigón armado para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.

A 2ª fase das obras, que veñen de iniciarse, complementarán

esta primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de conducción que se desenvolveu na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, emprégase unha conducción de máis de 1,5 km con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

A solución proxectada por Augas de Galicia no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes do municipio de Castro de Rei de cara ao ano 2040.

As obras que se están executando enmárcanse no convenio de colaboración asinado entre a Xunta e o Concello, polo que o departamento que preside Ethel Vázquez financia esta actuación nun 80%, achegando o 20% restante a administración local. A actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do fondo europeo FEADER.

Quedan prazas para a última quenda do campamento de Castro de Viladonga

O Castro de Viladonga mantén aberto o prazo de inscrición para a última quenda de agosto, entre o 15 e o 26 de agosto, do campamento cultural que se celebra dende o 18 de xullo para nenos de 6 a 12 anos.

O obxectivo é favorecer a conciliación das familias desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes. Denomínase campamento castrexo, é totalmente gratuito.

O horario é de mañás, de 9.00 a 14.00 horas, e realízanse actividades moi interesantes e divertidas ao tempo que culturais para coñecemento do pasado como coñecemento do museo e do xacemento, obradoiros de natureza e ocio, visitas culturais, xogos, contos e lendas, etc.

O campamento conta tamén cun servizo de bus con diferentes puntos de recollida para aqueles nenos e nenas que non se poden achegar pola súa conta.



“Queremos aportar no rexurdir da actividade enonómica e cultural”

Héctor Anllo, presidente da asociación Amigos da Feira, de Castro de Rei

Como xurde a asociación Amigos da Feira?

A asociación fará o ano que vén o seu 25 aniversario da súa constitución, alá polo 1998. Foi nesa data cando un grupo de veciñas e veciños da vila decidiron organizarse para revitalizar e dinamizar a vila de Castro de Rei a través de distintas actividades culturais. A primeira foi a recuperación da feira quincenal dos domingos, para incentivar a compra nos negocios da vila. Se cadra as máis coñecidas e as que lle seguiron foron o impulso da Ruta do Azúmara e da Festa da Malla, que no 2020 faría o seu vixésimo aniversario. A nosa actividade abrangue tamén outras celebracións e actividades culturais e formativas: excursións, roteiros, Lume Novo, Magosto, cine na rúa, xornadas micolóxicas...

Canta xente pertence á asociación?

O que no seu día comezou cun pequeno grupo dunhas vinte persoas, e tamén amigas, agora xa conta con case unhas 200 asociadas que colaboran e participan nas distintas actividades que organizamos durante o ano.

Que actividades realizan durante o ano?

A actividade que ten un calendario máis regular é a feira quincenal, que acolle ademais cada última feira do mes un sorteo de vales de compra en establecementos da vila. Vense celebrando de forma ininterrompida desde a nosa creación, salvo no confinamento estrito do 2020. O resto do ano tiñamos una programación que máis ou menos se viña repetindo cada ano, e que este ano estamos intentando retomar na medida do

posible: no mes de maio realízase a Ruta do Azúmara desde o Castro de Viladonga, en xuño a churrascada de Lume Novo, en agosto a Festa da Malla, no outono as Xornadas Micolóxicas... E tamén programamos outras actividades durante o ano en función do que nos solicitan as asociadas ou vemos que pode ser interesante para dinamizar a vila, como por exemplo as proxeccións de Cine na Rúa que fixemos durante xuño e xullo ou a feira con xogos tradicionais de Xotramu e música d'Os Valuros.

Supoño que un dos eixes principais é a festa da Malla? Aínda que este ano non se celebra pode explicarnos un pouco en que consiste e a relevancia que ten?

A Festa da Malla é unha das nosas actividades estrela. A incertidume pola situación sanitaria fíxonos imposible retomala este ano, xa que un evento coma este require dunha gran planificación que abrangue a moita xente e moitos procesos, especialmente aqueles que teñen que ver co cultivo e mantemento do trigo que se emprega en todos os procesos que abrangue a Festa da Malla. O que a fai especial e diferente a outras é que mantemos o “calendario” de procesos tradicional. Contamos cun día de sega con fouciño directamente no campo, outro día para a meda e o propio día da malla tradicional empregando apeiros e máquinas que se viñan usando antigamente. Como colofón, ao remate dos traballos organízase un xantar popular que reúne normalmente a unhas cincocentas persoas. É sen dúbida unha mestura perfecta de tradición, recoñecemento ás xeracións anteriores á nosa e celebración.

Notaron un crecemento na afiliación da asociación?

Abofé, estámolo notando nestes últimos meses. Isto para nós está a ser unha grata sorpresa e algo moi gratificante, especialmente despois de dous anos complicados, que a xente se interese polas nosas actividades e se anime a facerse socia. É sen dúbida unha grande recompensa ao esforzo e ao traballo de dinamización de Castro de Rei que vén desempeñando a asociación desde a súa creación.

De cara ao futuro que proxectos teñen?

Agora mesmo estamos centrando os nosos esforzos en intentar recuperar a programación habitual previa á pandemia, xa que aínda é complicado xestionar e planificar certas actividades a longo prazo. A boa acollida que tiveron as actividades que levamos organizado ata o de agora no 2022 estanos a dar folgos para traballar nun outono con varias actividades que esperamos poder comunicar pronto.

Que supuxo e supón a covid para a asociación?

Para nós supuxo un parón de dous anos, especialmente agudizado nos meses de confinamento estrito nos que incluso non se puido celebrar a feira quincenal. A imposibilidade de realizar distintas actividades sociais, especialmente nun entorno rural onde é tan importante a conexión e a colaboración entre veciñas, deixou un gran baleiro neste tempo entre moitas persoas. A pandemia tamén agravou aínda máis o déficit de servizos básicos na vila de Castro de Rei, e por tanto a actividade



económica. Nestes momentos o Centro de Saúde está pechado e é necesario desprazarse a outras vilas para poder sacar cartos ou realizar operacións bancarias, xa que non temos nin un caixeiro. Para nós o 2022 supón entón para nós unha especie de “borrón e conta nova”, de ir paseniño e ao seguro, no que estamos tentando aproveitar o menor número de actividades para mellorar e adaptarnos, coa mirada posta no pasado pero pendentes dos novos tempos.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Ademais das aportacións das persoas asociadas, contamos sempre coa colaboración do Concello de Castro de Rei, outras entidades e organismos a través de distintas axudas e subvencións e tamén empresas da contorna que nos axudan a organizar

e sufragar distintas actividades.

Que necesidades se lles plantexan?

Lamentablemente a incertidume sanitaria aínda nos fai complicado poder planificar actividades a longo prazo, pero sen dúbida gustaríanos seguir aportando o noso grao de area para facer rexurdir a actividade enonómica e cultural en Castro de Rei nun tempo no que a xente busca cada vez máis reconectar coas súas raíces. O noso traballo non pode ser en solitario. Cómpre que as administracións non só se preocupen, senón que actúen para mellorar da calidade de vida na vila e nos arredores, unha zona que sofre envellecemento e despoboación, e iso pódese facer de moitos xeitos: asegurando o coidado e o correcto mantemento de espazos e infraestruturas, ofrecendo servizos e actividades de carácter social...

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Patrimonio dos Ancares localiza dúas mámoas no Egoalonga

O Colectivo Patrimonio dos Ancares vén de comunicar á Xunta de Galicia a localización de dúas interesantes mámoas no concello de Xermade.

Os restos foron localizados por Manuel Ruibal e Ramiro J. Freire no monte coñecido como Egoalonga, a 570 metros de altitude, non moi lonxe da aldea de Gandía, na parroquia de Lousada. Teñen unhas medidas de 21 e 22 metros de diámetro e unha altura que ronda os dous metros.

A súa descuberta foi posible grazas a unha tala de piñeiros plantados hai uns cincuenta anos que impedían que resultaran visibles. A carón destes enterramentos chaman a atención unhas enormes laxas de pedra planas que cren que forma-



ban parte da cuberta da cámara funeraria (dolmen) situadas debaixo das mámoas.

Segundo explica o colectivo, “a gran maioría das mámoas do concello de Xermade sufriron actuacións furtivas para buscar tesouros dende hai séculos, tal como nolo testemuña o preito iniciado con-

tra numerosos campesiños no ano 1609 polo crego e fidalgo do couto de Recimil de Parga Vázquez de Orxas, que era quen posuía o permiso outorgado polo rei Carlos III, iso si, a cambio de que a coroa recibira unha parte. Tesouros poucos deberon atopar, pero a desfeita foi letal”.

Organizan actividades infantís sobre o consumo responsable

O Concello de Xermade organiza o día 25 de agosto unha actividade dirixida aos máis pequenos na biblioteca para favorecer un consumo responsable. Esta terá lugar o xoves 25 de mañá nas instalacións da biblioteca municipal. Darán comezo ás 10.00 horas co contacontos Xogueteando: un lecer diferente. Dunha hora de duración, esta actividade está dirixida a nenos de 3 a 6 anos.

Trátase da narración dun conto animado para promover o consumo responsable a un lecer activo, traballando ademais os xoguetes seguros e sen riscos. Finaliza coa fabricación por parte dos nenos dunha volvoreta.

Ás 11.00, e xa para nenos de 7 a 12 anos, terá lugar unha xincana onde os grupos teñen que supe-



rar diferentes probas nas que se traballan cuestións relacionadas co consumo responsable.

Os interesados en participar deberán inscribirse por whatsapp no 678 744 178 ou por mail no educadora. familiar@xermade.org.

rábade

Listo o programa para as súas festas patronais

Rábade inicia o 12 de agosto, e ata o 17, as súas festas patronais, aínda que xa desde o 2 houbo actividades deportivas de baloncesto e fútbol sala no pavillón municipal e na pista do Campo da feira.

O día 11 a xornada contará co lanzamento das vésperas e as finais das competicións deportivas.

O venres 12, a festa terá o seu comezo coa lectura do pregón, ás 21.00 horas na Prazuela, que estará a cargo de Euloxio das Penas Fernández co estoupido e traca de comezo de festas. Ademais será descubrimento do Rei da Chaira polos cabezudos e a VIII Edición do CantamosCHA coa colaboración de Estoupacaldeiros. Haberá unha concentración aberta de músicos para cantar a muñeira de Lugo, a de Santo Amaro e Quen teña viño. Acto seguido, será a chu-

rrascada popular que dará paso ao Rabafolc, que este ano chega á súa edición número XXVI e que contará cos grupos Treixadura e Mekánika Rolling Band.

O sábado 13 comezará coas alboradas e a sesión vemú coa orquestra Fama, á que seguirá a Xira Campestre ás beiras do Miño, unha tradición nas festas de Rábade.

Como todos os anos, haberá unha carpa cuberta para todos os comensais e non se permitirá o acceso de vehículos á beira do Río agás para carga e descarga en horas limitadas. Pola tarde terá lugar á esperada Esbatuxada, o descenso do río Miño en embarcación de fabricación caseira, que dará comezo sobre as 18.00 horas para continuar con competicións de tiro con corda. E xa pola noite o apartado musical estará a cargo de



Fama e América.

O domingo 14, haberá tamén alboradas e misa solemne para contar pola mañá cun festival de bandas de música no que participarán Banda

de Torroso e Banda Sons e Soños de Rábade. A sesión vermú estará ao cargo de Atenas e pola noite repite esta xunto a Combo Dominicano.

Pola tarde será o Día da Bicicleta con saída do Cmapo da Feira e chegada á praza de España. Ao remate haberá sorteo de agasallos e chocolate con churros.

O luns 15 será o día da Descarga tamén coas súas alboradas e a misa solemne ás 13.00 horas. A sesión vermú estará ao cargo da orquestra D'Noche. Pola tarde terá lugar a Gran Descarga coa previa desde ás 18.30 horas cun fopguete cada 5 minutos.

Máis tarde, ás 19:00 horas dará comezo o subidón dos avós, a tradicional carreira de avós e netos (menores de 6 anos), á que seguirá o percorrido do Rei da Chaira dende o

Concello a Cantalarrana para a Gran Descarga a cargo da peña O Foguete. Pechará a xornada a verbena a cargo da orquestra D'Noche con sesión pirotécnica nos descansos.

Os días 16 e 17 estarán reservados para o festival ARabaca coa actuación o martes de El Pacto Rock Band, tributo a Bruce Springsteen e Clásicos do Rock coa colaboración espeial de Javier Alzola, saxofonista de Fito y Fitipaldis.

O mércores 17 actuarán ás 13.30 horas na prazuela Andrea Vilar ao piano e Diego Segada á viola. Ás 20.00 horas no centro sociocultural haberá unha representación de La parada de los sueños. Dream Stop, a cargo do grupo de teatro Penas de Rodas e ás 21.30 horas, actuarán na prazuela Hānselus, Nya de la Rubia e De Turrens Band.



NOSOTROS ELEGIMOS
LA TIERRA

“Impulsamos a agroecoloxía como xeito de produción de alimentos”

Marcos Besada, presidente a asociación Espazo Agroecolóxico Estruga

Cando naceu a asociación e que percorrido tivo nestes anos?

No ano 2017, tres compañeiros procurábase un espazo común no rural para desenvolver os nosos traballos ligados ao sector primario, tecer redes... e ao mesmo tempo levar un xeito de vida en comunidade coa xestión dunha casa no rural, concretamente en Cabreiros (Xermade). A partir de aí, no ano 2019, creamos a nosa asociación para tratar de impulsar a agroecoloxía como xeito de produción de alimentos e de vida en torno á natureza. Nestes anos, pandemia mediante, organizamos e colaboramos en moitos cursos e xornadas relacionadas coa agricultura ecolóxica e xestión forestal sostible, colaboramos en proxectos de economía social, con proxectos de investigación, facilitando xestións a pequenos agricultores e organizando un grupo de consumo responsable... A actividade foi frenética!!

De onde xurde o nome?

O nome xurde da tenda de alimentos ecolóxicos que tiña eu en Viveiro entre os anos 2012-2015 e que xa comezaba a realizar accións de dinamización en torno á agroecoloxía baixo ese nome, A Estruga. Por iso decidimos rexistrala con ese nome.

Con que obxectivo se fundou?

A Asociación Espazo Agroecolóxico A Estruga créase coa idea de aportar solucións técnicas, sustentables e creativas para un óptimo e perdurable aproveitamento a tódolos niveis do noso Medio Rural. Facémolo desde un punto de vista agroecolóxico

onde importan, é moito, a natureza, os animais e as persoas.

Canta xente pertence á asociación?

Agora mesmo somos 6 membros na directiva, contamos con máis de 12 produtores cós que colaboramos e chegamos a ser ata case 50 no momento do grupo de consumo responsable.

Que actividades realizan durante o ano?

Pois as actividades poden ir dende a axuda á promoción e comercialización dos produtos hortofrutícolas dunha labrega, ata organizar cursos de cociña ou xornadas de degustación... Temos a nosa disposición as ferramentas e o persoal humano cualificado e preciso para propoñer e desenvolver ideas axeitadas a cada proxecto que nos propoñan.

Notaron un crecemento na afiliación da asociación?

Si, no momento da pandemia, cando a través do grupo de consumo responsable configurábase cestas cos alimentos dos produtores da comarca e levábase ás casas por Vilalba, As Pontes e Viveiro. Para poder recibir os alimentos, pedíamolo á xente que se afiliara. Foi un éxito, pero cara ao final da pandemia, xa era moito máis complicado facer o reparto...

De cara ao futuro que proxectos teñen?

Agora mesmo e para o que queda de ano, estamos colaborando nun proxecto de economía social coa

ONG Ecos do Sur en base á apertura de oportunidades de vida e emprego no medio rural e tratar de revertir o problema do despoboamento, tamén colaboramos co Concello de Ortigueira na organización do curso de Agricultura Ecolóxica que se está levando a cabo e rematará en outubro. De cara ao futuro, pero agardando comezar pronto, o proxecto de dinamización do mercado de Vilalba no cal estamos colaborando co Concello.

Que supuxo e supón a covid para a asociación?

Como comentei anteriormente, creamos o grupo de consumo responsable para axudar aos pequenos labregos que producían de xeito agroecolóxico a canalizar as súas producións directamente aos fogares xa que non tiñan moita saída para eles ao pechar a hostelería, comedores de escolas e empresas, etc... Por outra banda, supuxo un freo moi grande a outros proxectos colectivos que tiñamos, sobre todo coa administración, e foi un varapalo para nós xa que aseguraba traballo para o futuro que mudou con respecto aos nosos plans, coma á maioría das persoas neses momentos.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Non, somos unha asociación pequena, case familiar, os gastos das accións que levamos a cabo buscámoslle financiación en función de cada proxecto, pero non para o gasto corrente que sae do peto da xunta directiva ou de poñer unha leve marxe



nos orzamentos dos proxectos nos que colaboramos.

Que necesidades se lles plantexan?

Tratar de solucionar os problemas de produción, loxística e distribución co cal poder crear un fluxo máis constante de alimentos agroecolóxicos e poder así axudar de xeito seguro aos produtores e por ende mellorar a economía local. Procuramos tamén maior implicación, eu o primeiro, xa que ás veces vese empañada a labor da asociación polos “quefaceres” diarios e o cansanzo.

En que consiste o proxecto que presentaron para o mercado de Vilalba?

Coa posta en funcionamento dun posto da praza de abastos no mercado municipal de Vilalba os días de mercado (martes e venres) queremos acadar un punto de venda directa para as produtoras da nosa comarca e arredores, que sexa referente de produtos alimentarios de calidade e co mínimo impacto ambiental na contorna. Ademais queremos dispoñer dun punto de intercambio dos produtos para facilitar a distribución conxunta a establecementos doutras vilas da contorna. Que sexa un lugar de encontro non só para as produtoras, senón tamén para as

personas coa teima de restablecer o contacto social en torno aos mercados locais ou lograr o respaldo da comunidade para vertebrar a economía comarcal en torno á produción primaria, dando lugar a subprodutos e outros servizos. Finalmente buscamos acadar un convenio coa administración local para o suministro de alimentos nos espazos colectivos que estean baixo a súa xestión, así como a elaboración de accións paralelas que enriquezan a comarca en eidos como a educación, cultura e turismo sostible. Outro dos obxectivos é dinamizar o espazo ofrecendo actividades gastronómicas e lúdicas como degustacións de produtos de tempada, obradoiros para nenos e adultos e actuacións musicais ou representacións culturais que visibilicen e fagan máis atractivo este espazo do mercado.

Teñen outros proxectos similares previstos?

Non, non damos para máis!! Agardamos que a partir do mercado de Vilalba, poidamos crear unha rede loxística sustentable entre as labregas da contorna, coa cal poder establecer unha distribución segura e constante e poder así chegar á maioría de fogares e establecementos da comarca.

12	XXVI RABAFOLC TREIXADURA MEKÂNKA ROLLING BAND
13	XX ESBATUXADA FAMA AMÉRICA
14	XXII DÍA DA BICICLETA ATENAS COMBO DOMINICANO
15	XVI DESCARGA PIROTÉCNICA III SUBIDÓN DOS AVÓS D'NOCHE

ARABACA 2022

22-00 h. Na Praza
16 EL PACTO
ROCK BAND
*Tributo a Bruce Springsteen e
clásicos do Rock*

21-15 h. Na Praza
17 HÄNSELUS
NYA DE LA RUBIA
DE TURRENS BAND

#VIVERABADE

muras

Remata a reforma da escola da Balsa



O Concello de Muras vén de rematar as obras de reforma integral da antiga escola da Balsa, que se utiliza como local social da parroquia. Segundo explicou o alcalde, Manuel Requeijo, nesta escola non se fixo ningunha reforma dende que se daba clases. Nesta ocasión fixeron unha remodelación integral do local co cambio de ventás, portas así como adaptala aos servizos de hoxe en día. O cambio máis destacado foi a eliminación das columnas de ferro que había no interior para que o espazo quedase máis limpo. Investíronse nas obras 46.000 euros

incluíndo tamén un pequeno office para uso dos veciños e para que continúe en uso para a asociación de cazadores, a veciñal e mesmo a comunidade de montes. Ademais, o Concello está a executar as obras pendentes do ano pasado como camiño no Viveiro ou no lugar de Aborbó. Tamén se están a licitar as obras do fondo de compensación ambiental deste ano. Ademais, o alcalde avanzou que en breve comezarán as obras pendentes da traída do Moriscón, Os Campos ou a rehabilitación do centro de saúde.



TERRAS DO SOR V. Entregáronse os diplomas aos 20 participantes no obradoiro Terras do Sor V, promovido polos concellos de Ourense, O Vicedo e Muras e financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade cun investimento de 356.000 euros.

a pastoriza

O CIN impulsa a súa programación cunha fin de semana de actividade

O CIN Bretoña ten preparado para a fin de semana do 13 e 14 de agosto unha serie de actividades para coñecer un pouco máis Bretoña.

Así, o sábado 13 de agosto terá lugar un Taller infantil co título Rastreo por Bretoña. Trátase dunha serie de pistas repartidas polo CIN Bretoña e o seu entorno que entreterán aos pequenos da casa, mentres coñecen un pouco máis a súa rexión. Non é necesario nada, solo ganas de pasalo ben. O comezo será as 12 da mañá. Ao día seguinte, 14 de agosto, visita guiada ao Castro de Saa, o CIN Bretoña e os edificios máis representativos da vila. Nesta ocasión coñecerase a historia da rexión comezando coa cultura castrexa e os romanos, e rematando coa actualidade de Bretoña. O punto de encontro inicial será o Castro de Saa (Baltar) as 11 da mañá, e despois nos desprazaremos



ao centro de Bretoña. É necesario dispoñer de transporte propio de Saa a Bretoña e calzado cómodo. Ambas actividades son totalmente gratuítas pero é necesario unha inscrición previa. Pode facerse achegándose ao centro (Praza do Campo da Igrexa, Bretoña), a través do teléfono

(636 836 250), mail (cinbretona@gmail.com) ou Instagram.

Ademais, está en marcha a II Exposición Bretoña no Tempo. Exponse no Teleclub de Bretoña un interesante repaso fotográfico polos anos 50, 60, 70 e 80 do concello da Pastoriza. Actualmente esta mostra atópase no piso superior do CIN Bretoña. A fotografía é un recurso indispensable para poder coñecer máis e para que perdure para sempre, a historia, tradicións e recordos dun pobo. Por iso, queren realizar unha segunda exposición con novo contido, que supoña o inicio dun arquivo fotográfico e audiovisual da Pastoriza. Os interesados en formar parte deste proxecto poden enviar as fotografías ao centro ou a través do correo electrónico (cinbretona@gmail.com). Poden doarse os orixinais ou unha copia.

O PP critica que non se solicite unha axuda para o deporte

O PP da Pastoriza lamenta que o goberno local bipartito PSOE-BNG "deixara escapar a oportunidade" de solicitar á Xunta unha axuda para mellorar ou dotar dunha nova pista multideporte a algún dos colexios do municipio.

Os populares explican que "os concellos galegos dispoñían ata o 27 de xuño para solicitar esta subvención que suporía o 85% da contía do proxecto ata un máximo de 85.000 euros. Pero o goberno local non o fixo. Están a outra cousa".



MELLORAS NA PASTORIZA. O Concello da Pastoriza aproveitou o mes de xullo para a realización de varias obras de mellora como a da pista que leva á estación de bombeo de Vián. Do mesmo xeito, tamén se realizaron traballos de limpeza a roza na Fonte do Carruzal, Baltar e na área recreativa de Baltar, entre outros.

MObELRIAS

OS MOBLES QUE A TUA CASA NECESITA

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

BOSCH Service

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

O PSOE lamenta que o alcalde non vote a favor de pedir á Xunta axudas aos gandeiros

A voceira do PSdeG, Carmen Acacio, lamentou a falta de compromiso que demostrou o Partido Popular cos gandeiros e gandeiras da vila despois de negarse a pedirlle á Xunta unha liña de axudas directas ó sector agrario, complementaria e da mesma cantidade que o dedicado polo Estado ós produtores de Galicia e destinado gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola).

A voceira lembrou que o alcalde, José Pardo Lombao, votou hai menos de 15 días a favor dunha proposta similar na Deputación, que saíu adiante por unanimidade, e agora no Pleno municipal votou en contra. “Por iso non entendemos este cambio de postura do PP”.

Polémica aprobación dos orzamentos, que este ano ascenden a 7,5 millóns

O Pleno aprobou os orzamentos para este ano nunha convocatoria extraordinaria. O proxecto contou cos votos a favor unicamente do equipo de goberno (9 concelleiros) pero os catro da oposición (1 do PSOE e 3 do BNG) votaron en contra. Os orzamentos ascenden a 7,5 millóns de euros, dos cales 3,2 millóns irán para investimentos. Nesta partida destacan o 1,5 millóns que irán para a urbanización da Palloza. Ademais, destaca o capítulo de gastos de persoal, que ascende a 1,2 millóns e os correntes a 2,8.

O BNG de Outeiro votou en contra do proxecto de orzamentos presentados polo alcalde alegando que estes orzamentos “preséntanse a destempo, pois carece de sentido aprobar uns orzamentos cando xa

pasou máis da metade do ano e xa estarían comprometidas todas as partidas económicas ou non habería tempo a executar outras novas, o que imposibilita calquera proposta por parte da oposición”.

Ademais disto, asegura que unha vez máis as contas están terxiversadas, “pois leva 15 anos inflando os números ao incluír 1.500.000 € como investimento na urbanización da Palloza sen que nunca investira nin un céntimo”.

Aseguran que os orzamentos son completamente continuistas, “o que indica que unha vez máis o concello non vai dispoñer de recursos propios para facer fronte ao gasto corrente. Neste momento a débeda de xestión xa está no 1.200.000 €, tendo que pedir un crédito por esta cantidade

para cubrila e, con este proxecto, esta débeda non fará máis que aumentar. Neste momento Outeiro é o segundo concello máis endebedado da provincia e con estes orzamentos, rapidamente pasaremos a ser o primeiro. Non se pode consentir que o concello se siga endebedando para poder pagar as facturas do día a día”, manifestou o voceiro do BNG.

“Neste proxecto de orzamentos non hai nin un euro de recursos propios para investimentos reais, sendo a metade ficticios nas obras da Palloza que nunca se realizan e a outra metade dos que se propoñen están pendentes de subvencións determinadas doutras administracións”, engaden.

O PSOE, pola súa banda, sinalou que “unha vez máis chegan tarde, xa que

están fóra de prazo”. E tamén aludiu ao informe de intervención no que sinala que o Goberno de Pardo Lombao “segue excedéndose coa figura do recoñecemento extraxudicial de crédito, para dar cobertura a realización sistemática de gastos que se realizan fóra do orzamento”.

ENMENDA. O BNG presentou dúas emendas para que se destinaran 150.000 euros de gastos superfluos e prescindibles que ten o concello para facer un estudo para levar o servizo de saneamento aos núcleos rurais do concello. Tamén se propón elaborar o proxecto e empezar as obras deste servizo de saneamento nos núcleos de Martul e Mosteiro, polo grave problema que teñen xa neste momento nestes dous lugares.

Tres composicións loitarán polo premio no concurso da casa Manuel María

A Casa-Museo Manuel María fixo pública a resolución do Xurado da 1ª fase do Concurso Manuel María de Composicións Musicais que ten por obxecto premiar a mellor canción lírica para voz e piano escrita sobre un poema de Manuel María. As composicións escollidas polo xurado para pasar á fase final resultaron ser da autoría de Teresa Bretal Martínez, Teo Montero e Saúl Aguado que foron realizadas sobre os poemas de Manuel María Rosas, Orballo, Fistera e A Lúa.

A canción gañadora determinárase entre estas finalistas para o que se levará a cabo un concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o sábado máis próximo ao aniversario do escritor, neste ano o día 8 de outubro de 2022. Por tanto, nese día e a modo de agasallo de aniversario ao poeta chairego, o barítono Gabriel Alonso e o pianista Aurelio Viribay interpretarán diante do xurado e o público as cancións seleccionadas nesta primeira fase. No propio acto,

após a correspondente deliberación, o xurado dará a coñecer a canción gañadora. Completarase a noite coa presentación do CD No Camiño. Dous séculos de canción galega, que veñen de gravar o barítono e o pianista xa mencionados.

O certame, convocado na súa primeira edición, conta cun premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuíta aos conservatorios galegos.



PRÁCTICAS. Do 18 ao 22 de xullo dezoito mozos e mozas de Outeiro de Rei puideron aproximarse ao mundo laboral a través da realización de estadias en varias empresas do municipio durante cinco días en xornadas diarias de 4 horas. Para completar o programa, realizouse o día 26 unha visita ao Centro de Empresas e Innovación CEI Nodus para recibir unha charla por parte da orientadora laboral do centro.





VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO,
CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE
TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO
JURÍDICO CONTINUADO

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados | veiguela abogados

¡Consúltenos!

riotorto

Visita á vila da presidenta dos emigrados a Cuba



A presidenta da Sociedade de Emigrados de Riotorto en Cuba, Laura Hernández, visitou no mes de xullo a localidade para estreitar lazos co Concello.

As representantes dos emigrados mantivo unha reunión no Concello con varios veciños, que acudiron a coñecer sobre os seus familiares. Este colectivo creouse en 1915 en La

Habana polo que os socios, uns 350, son agora fillos e netos dos emigrados. A súa función principal é manter no país caribeño as danzas tradicionais, os costumes e a cociña desta comarca mariñá.

O obxecto desta reunión era retomar as relacións entre os veciños do concello e os descendentes dos que emigraron a Cuba.

A veciñanza de Órrea estuda recuperar os montes conveniados

A Asociación de veciños de Santa Comba da Órrea celebrou unha reunión sobre a situación dos montes conveniados. Óscar Fernández, de Xelda eido rural informou de que na parroquia, e na comarca en xeral, dáse un caso moi especial. Son montes privados cedidos no seu momento á Administración. No resto da provincia, case todos os montes que se atopan neste caso son montes en man común. Esta circunstancia fai máis difícil aínda a situación. No concello de Riotorto só existen montes conveniados nesta parro-

quia. Son sete montes en concreto, aínda que un deles pasou a formar parte da Sofor Monte de Candedo. Segundo explicaron a situación xeral dos montes que están cedidos á Administración é de abandono "sen que, realmente, se poida dicir que van ser devoltos ás súas persoas propietarias nun momento dado". Unha opción é intentar facer todas as xestións posibles para que cadaquén recupere as súas leiras, pero outra é pensar en seguir explotando cada un destes montes en común á marxe da Administración.

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

abadín

Adxudicadas obras e a motoniveladora

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por máis de 2,2 M€ as obras de mellora do firme na estrada autonómica LU-113 á empresa Construcciones Isidro Otero, SL, cun prazo de execución de 6 meses. Prevese que as obras comencen xa en agosto.

O obxecto da intervención é o acondicionamento e rehabilitación de firme ao longo dos últimos 7,8 km do treito da LU-113, de Moncelos a Abadín

CONCELLO. O Concello de Abadín adxudicou a compra dunha motoniveladora á empresa Case, que ten un prazo de entrega da mesma de dous meses. Este vehículo ten como obxectivo de subsanar varias deficiencias detectadas na xestión medioambiental do municipio, mellorando a prevención de incendios forestais e inundacións e a xestión de residuos de poda.

A licitación fíxose cun valor estimado de 252.890 euros, ive incluído en base aos prezos habituais do mercado. O presente contrato finánciase integramente coa aportación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do Fondo de Compensación Ambiental 2022. Por outra banda, o concello de Abadín está a realizar o aglomerado dos camiños municipais a través do financiamento do Plan Único, traballos aos que destiñan uns 700.000 euros.

Por outra banda, tamén están a esperada do informe técnico que marcará o terreo que se escriturará por detrás da casa consistorial e que ten como obxectivo destinarse a un paseo e ruta de sendeirismo e tamén a aparcadoiro do Concello. Trátase dunha finca de máis de 18.000 metros cadrados que ten un prezo superior aos 200.000 euros.

A localidade celebrará as súas patronais os días 3 e 4 de setembro

A comisión de festas de Abadín recupera este ano a celebración das patronais a fin de semana do 3 e 4 de setembro.

Segundo avanzaron dende a comisión de festas, que este ano recae novamente en Lucía e Berta que tiñan a responsabilidade o ano da pandemia, haberá algúns cambios, como que a misa maior non se celebrará no campo da festa como outros anos, senón que será na igrexa e a procesión serán polas intermediacións da mesma. Haberá oficio os dous días de festa, ás 13.00 horas.

No apartado musical, as festas estarán esta ano ao cargo o sábado da orquestra Solara, que fará dobrete, en sesión matinal e verbena, e D'Nika, que só actuará pola noite. O domingo, será o dúo Venus o encargado de poñer o punto musical ao mediodía e dar por concluídas celebracións festivas.

Piden un segundo médico para o centro de saúde

O veciños de Abadín volven este mes a reclamar un cambio na atención médica en Abadín, tal e como se denunciara en anteriores ocasións este ano. Piden que a vila conte con dous facultativos.

Segundo explican, dende o 1 de xullo e ata o 15 de agosto só hai un médico en servizo, que se ocupa de urxencias, visitas, acompañamentos a Lugo, etc. Este médico, segundo informaron aos veciños collerá vacacións a partir do 15 de agosto polo que os veciños están preocupados por quen se encargará de cubrir o servizo.

Adiantan tamén que as citas estanse dando para 10 ou 15 días de demora polo que solicitan "un bo servizo de saúde para a xente de Abadín".

Indican á veciñanza que presente unha queixa no propio centro de saúde dirixida á Xunta de Galicia.

Rueda visita unha explotación de vacún



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou en Abadín que a Xunta investirá este ano máis de 37 millóns de euros en axudas para promover a incorporación da mocidade ao sector agrario galego e para as que, segundo informou, xa se teñen recibido 500 solicitudes.

"O futuro do noso rural está na xente nova", remarcou o titular

do Executivo galego, tras visitar en Abadín a explotación gandeira Facenda Currodegas e Saragás, de Lidia Díaz Otero, beneficiaria hai catro anos deste tipo de axudas da Xunta para a súa granxa de vacún de carne, que vende baixo a Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega Suprema, IXP da que o presidente enzalzou a "súa calidade".

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



DEPUTACIÓN

O Goberno da Deputación fai balance dos tres anos de mandato

“Recuperamos a normalidade para a institución, en canto á imaxe e o funcionamento, cunha fórmula que ten tres elementos básicos: temos un proxecto ben definido, que responde ás necesidades e aproveita as potencialidades da provincia de Lugo; levamos un ritmo de xestión e de execución constante e moi elevado; e traballamos, todos os días, para sacar adiante unha política de feitos que mellore a vida dos veciños e veciñas de todos os concellos”. Así explicou o balance dos tres anos de mandato do Goberno provincial a voceira socialista do Executivo, Pilar García Porto.

A deputada incidiu en que o Goberno vén desenvolvendo dende o ano 2019 “un proxecto claro” definido polo presidente, José Tomé Roca, que xira en torno a catro liñas de actuación prioritarias: as políticas sociais, que concentran máis dun terzo do Orzamento total da Deputación,

“por convencemento, pero tamén porque nos vemos na obriga de suplir a ausencia da Xunta de Galicia en moitos ámbitos, como pode ser o da atención ós nosos maiores”; a cooperación cos concellos, “que é a auténtica razón de ser desta institución, cooperar cos 67 concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos ós seus veciños e veciñas; o apoio aos sectores produtivos, “nomeadamente ao sector primario, que é fundamental para a provincia de Lugo, e o turístico, cun tremendo potencial para impulsar o desenvolvemento do noso rural”, e a mobilidade, “un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación, dinamizar a economía e o emprego, e, polo tanto, para facer competitivo un territorio”.

Este proxecto de provincia, “claro, ben definido e argumentado”, sae adiante grazas “ao compromiso e a capacidade do equipo de goberno e,

por suposto, contando co gran traballo de todo o persoal da institución, na que temos equipos profesionais cualificados, competentes e comprometidos co servizo público”, subliñou a voceira socialista.

De feito, recalcou, “ter claras as prioridades permitiunos reaccionar mellor ante situacións adversas como as que provocou a pandemia da Covid-19”. A modo de exemplos, lembrou que, “ao ter en marcha o sistema do Plan Único, foi máis doado poñer a disposición dos concellos recursos económicos para axudarlles a afrontar os gastos extra que supuxo a Covid; o noso modelo de residencias –público, centrado nas persoas e de pequenos centros– foi determinante para que a incidencia da enfermidade entre os nosos usuarios e usuarias fose mínima; e, como xa facíamos antes da pandemia, escoitamos e colaboramos cos sectores produtivos para sacar



adiante medidas que aliviasen e que lles axudasen a amortiguar o impacto da crise”.

O GOBERNO DO ESTADO. Así mesmo, a deputada subliñou que neste tempo “sentimos que o Goberno do Estado volveu a apostar polas políticas sociais que benefician directamente ós lucenses, como foi, entre moitas outras medidas, a vinculación da subida das pensións ao IPC, e que volveu a situar á nosa provincia no mapa das infraestruturas do país, subindo o investimento e desblo-

queando proxectos paralizados durante os anos de Rajoy en Madrid”. Sen embargo, e “lamentablemente”, asegurou a deputada, nestes tres anos de mandato “sufrimos a falta de ideas da oposición nesta institución, e a inacción e o castigo da Xunta á nosa provincia”. Pilar García Porto afirmou que o PP “carece dun proxecto para a provincia de Lugo” e “fai un seguidismo das directrices da Xunta que o limitou a unha postura pasiva, sumisa e afastada da realidade e das necesidades dos nosos veciños e veciñas”.

Levarán actuacións de bandas e corais por toda a provincia

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha Tradigalu, un programa de promoción e difusión da música tradicional e popular que espallará máis de 150 de grupos tradicionais, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A vicepresidenta da Deputación Maite Ferreiro explicou que con esta iniciativa mantemos o apoio a estas agrupacións musicais que, ademais de conservar e difundir a música tradicional cos seus repertorios e actuacións, desenvolven unha importante labor formativa impartindo clases de música e de baile e dinamizando as parroquias e concellos”.

O programa conta cun orzamento de 150.000 euros e mantén os obxectivos do Musiqueando, adaptándose á actualización da interpretación da normativa sobre subvencións. Así, ademais de xenerar unha actividade que repercute economicamente nas agrupacións musicais, a área de Cultura complementará as programacións que ofrecen asociacións, concellos e demais axentes culturais. Maite Ferreiro solicitou a colaboración das asociacións culturais para poder achegar a tradición musical a todo o territorio, poñendo a súa disposición o enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal

Fondos europeos de apoio gratuíto ás pemes

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou aceptar un investimento de medio millón de euros que conseguiu captar de fondos europeos para desenvolver o proxecto Acelera pemes, unha iniciativa destinada a fortalecer o tecido empresarial da provincia, sobre todo do rural. Así o informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que explicou que grazas a este investimento, a Deputación ofrecerá apoio e asesoramento gratuíto ás pequenas e medianas empresas en materia de transformación dixital.

García Porto anunciou que a entidade pública empresarial Red.es, dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, comunicou a súa decisión de conceder á Deputación a totalidade dos fondos que lle solicitara no mes de febreiro para sacar adiante este proxecto. Unha axuda que ascende a 400.000€ e que a Deputación complementará con outros 100.000€ para poder desenvolver este programa.

Asegurou Pilar García Porto que o asesoramento ás pemes “será totalmente gratuíto para as empresas, e será personalizado, é di-



cir, adaptarse ás características e necesidades de cada negocio para que, desta forma, lles sexa realmente útil”.

Este proxecto contempla unha oficina de asesoramento que terá unha sede física nas dependencias da Deputación; unha sede virtual e, a maiores, terá presenza en todo o territorio a través dunha rede de cinco oficinas móbiles: na Mariña, na Chaira, na zona centro, na Montaña e na Zona Sur para ofrecer unha atención próxima e eficaz.

O programa desenvolverase en 3 fases: a primeira será de difusión do proxecto, para chegar ao máximo número posible de empresas; outra para implantar a rede de aceleradoras; e unha terceira fase para xestionar o servizo.

O prezo da auga e a atención primaria, temas do último Pleno

A Deputación insta á Xunta a garantir que a entrada en vigor da Lei de Mellora Integral do Ciclo da Auga, aprobada o pasado mes de xuño no Parlamento en solitario polo Partido Popular, non se traducirá nun incremento do prezo que pagan os fogares lucenses e galegos por un servizo básico. Así se acordou no Pleno ordinario da Corporación Provincial do mes de xullo, a raíz dunha proposta presentada polo Grupo Socialista.

Pilar García Porto sinalou que na súa redacción actual, a nova lei aprobada polo PP “suporá unha suba media dun 61% no recibo anual dos fogares galegos, que subirá de 53 a 86€ coa creación de tres novos impostos: o canon de xestión de depuradoras, o de xestión de colectores e o de xestión de abastecementos, polos que a Xunta prevé na memoria económica da propia normativa recadar 50M€ máis ao ano. Un verdadeiro sablazo fiscal que chega no peor momento para os concellos e para a poboación pola crise económica”.

A institución provincial tamén urxe ao Goberno galego a que deseñe un plan estratéxico consensuado coa FEGAMP para determinar as infraestruturas necesarias, o financiamento das obras e os prazos de execución. Fronte á actual proposta da Xunta, que carga aos concellos co 30% do

financiamento das novas obras de abastecemento e saneamento, a Deputación reclama que estas infraestruturas opten aos fondos Next Generation.

ATENCIÓN PRIMARIA. Por outra banda, a Deputación de Lugo demanda á Xunta de Galicia que resolva as deficiencias do sistema sanitario “diante do panorama desolador e da situación caótica da Atención Primaria na provincia de Lugo, que a Xunta ten baixo mínimos”.

Desde a institución provincial demandan que se adopten medidas inmediatas, “como por exemplo unha convocatoria extraordinaria de especialistas en medicina de familia, para resolver as deficiencias xeradas no sistema sanitario, sobre todo durante o verán na nosa provincia”.

A Deputada lembrou as constantes declaracións públicas das asociacións e colectivos do eido sanitario sobre a situación actual de recortes e peches na provincia e na comunidade autónoma, “e que son desprezadas constantemente polo Goberno do PP”. “Non sei como non se poñen colorados coa sanidade en precario que defenden. Debería darlles vergoña apoiar un modelo que está rachando coa universalidade do noso sistema sanitario”, dixó.

TERRA CHÁ

O Festival Mundial do Ilusionismo levará a maxia pola provincia

O Festival Mundial do Ilusionismo Galicia Ilusiona percorrerá 17 concellos lucenses ata o 3 de setembro, con outras tantas actuacións de recoñecidos magos e magas. Da man do Xacobeo 21-22, a Xunta de Galicia levará por toda a provincia distintos espectáculos de maxia de preto, extrema, maxia na rúa, solidaria e unha gran gala, coa presenza de sete dos mellores magos e magas a nivel mundial.

A gran gala máxica internacional será un dos pratos fortes deste festival, que en Lugo terá lugar o 3 de setembro no auditorio Gustavo Freire e que contará coa presenza de sete dos mellores magos e magas do panorama internacional, encargados de traer ata Lugo actuacións de maxia de preto, escapismo, maxia de gran formato, telexquese, mentalismo, poesía máxica ou ilusionismo. Ademais de na cidade de Lugo, Galicia Ilusiona levará a maxia ata outros 16 concellos nos que actua-

rán algúns dos mellores ilusionistas actuais como o Mago Teto, Nacho Samena, Patri Zenner e Roberto Lolo. Todos eles levarán a súa maxia ata Burela, Chantada, Cervo, Castro de Rei, Foz, Cospeito, Guitiriz, Friol, Monforte de Lemos, Sober, Outeiro de Rei, Monterroso, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

ACTUACIÓNS

- 18 de agosto 20.00 horas praza Conselleiro Fernando Salgado de **Castro de Rei**.
- 22 de agosto en **Cospeito**.
- 22 de agosto ás 18.00 horas praza da Constitución de **Vilalba**.
- 31 de agosto ás 20.00 horas no Campo da Festa de **Guitiriz**.
- 31 de agosto ás 18.00 horas na praza Andón Cebreiro de **Friol**.
- 27 de setembro ás 12.30 horas no Colexio de **Outeiro de Rei**.

Adamo expandiuse por máis da metade dos concellos de Lugo

Máis da metade dos concellos de Lugo recibiron fibra óptica ao longo do últimos catro anos e medio. En concreto, 35 dos 67 municipios da provincia pasaron a gozar desta tecnoloxía da man de Adamo entre 2018 e mediados de 2022. Por citar algúns exemplos, o operador de telecomunicacións ten a súa infraestrutura funcionando en Pol, Castro de Rei, A Pastoriza, A Fonsagrada, Alfoz, Begonte, Cervo, Xove, Barreiros, Lourenzán, O Valadouro ou Foz, entre outros.

En total, a compañía levou o sinal da internet máis veloz que existe hoxe no mercado (1.000 Mb) a máis de 70.000 vivendas deses 35 concellos lucenses no citado período. Para sufragar tan enormes traballos, Adamo investiu 20 millóns de euros na provincia (fronte aos 5,8 millóns que recibiu en subvencións para expandir a fibra), así como fixo posible a contratación de 300 traballadores locais nos seguintes ámbitos: enxeñaría, despregamento, mantemento e comercialización.



Sobre estes datos trataron o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, a subdelegada do Goberno na provincia, Isabel Rodríguez, e David Llano, responsable de Adamo en Galicia, quen lles deu detalles sobre o novo equipamento e das operacións previstas para o terceiro e o cuarto trimestre. Por exemplo, o comezo das obras para despregar Internet ultrarrápido noutros 7 concellos lucenses: Aba-

dín, Castroverde, Chantada, Friol, Guitiriz, Monforte de Lemos, A Pontenova e Riotorto. Aínda que o desenvolvemento logrado ata o momento é dunha magnitude considerable, aínda hai máis, xa que Adamo proporcionará Internet de alta velocidade a outros 10.000 fogares da provincia de Lugo para sumar un total próximo aos 80.000 domicilios conectados antes de que conclúa 2022.

Pistas deportivas para os colexios

En 12 concellos da provincia implanteranse 12 polos creativos e 12 pistas multideporte que estrearán o vindeiro curso. No caso das pistas multideporte, a provincia recibiu achegas por case 800.000 euros (778.700 euros) a 12 concellos para a dotación e mellora destas instalacións en centros educativos dos seus respectivos termos municipais.

Así, ao abeiro desta convocatoria de axudas contarán este tipo de instalacións para a práctica de varios deportes os CEIP Concepción López Rei de Baleira; Virxe do Corpiño de Begonte; CEIP Lagostelle de Guitiriz;



Rosalía de Castro de Pol; Rosalía de Castro de Bóveda; Santa María do Valadouro; O Cantel de Foz; Celso Currás de Trabada; CEIP do Corgo; Ricardo Gasset do Incio; CEIP do Pá-

ramo e CEIP de Palas de Rei. É a primeira acción deste tipo que se pon en marcha en Galicia e as infraestruturas serán para uso conxunto entre centro e a cidadanía.

Os concellos únense ao proxecto da USC de investigación do cancro

O proxecto Minerais contra o cancro, unha iniciativa promovida conxuntamente por investigadores do Campus de Lugo e do HULA, fai visible a aposta e o apoio prestado polas distintas administracións locais da provincia á USC a prol da investigación, tal e como puxo de manifesto a profesora na Facultade de Veterinaria e coordinadora desta iniciativa de ciencia solidaria, Marta López Alonso, nun acto de "agradecemento" presidido polo reitor Antonio López e que contou cunha ampla representación das corporacións locais, ademais do presidente da Deputación. Agradecida pola implicación da práctica totalidade dos concellos da provincia de Lugo nun proxecto pioneiro que pretende achegar novas solucións aos doentes oncolóxicos, a responsable do grupo de Investigación en Medicina Animal (IMeDA) na Facultade de Veterinaria e coordinadora de Minerais

contra o cancro, Marta López Alonso, reiterou o seu agradecemento a todas as persoas, empresas e entidades que colaboraron con doazóns económicas na campaña de micromecenado desenvolvida desde o pasado 17 de decembro e durante un período de 3 meses na plataforma Precipita da Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía. "Este proxecto serviu para ver como a sociedade luguesa se volcou por completo cunha modesta iniciativa de I+D, que recadou preto de 55.000 euros, unha contía á que de sumar as achegas económicas prestadas polos concellos da provincia de Lugo, faría de 'Minerais contra o cancro' o proxecto máis apoiado en toda a historia da plataforma Precipita do Ministerio de Ciencia e Innovación", relatou López Alonso, para explicar que o "obxectivo deste proxecto pasa por estudar o efecto que poden ter os minerais nos doentes oncolóxicos".

Gran variedad de productos artesanos
Especialidad en TORTAS DE MAIZ
PANES DEL PAÍS Y EMPANADAS

PANADERÍA
La Esquina
DESDE 1988

C/ Deputación, 3 Bj
GUITIRIZ LUGO
Tel: 982 370 185
pedidos@panaderialaesquina.com

www.panaderialaesquina.com

Tomé marca como obxectivos consolidar e gañar alcaldías

O PSdeG na provincia o proceso de renovación dos órganos do partido coa constitución do Comité Provincial, no que o Secretario Xeral, José Tomé Roca, marcou uns "obxectivos realistas e ambiciosos", de cara ás eleccións municipais do 2023.

O líder socialista incidiu na súa intervención diante dos militantes que estes obxectivos, "pasan por acadar representación municipal en tódolos concellos da provincia, manter e reforzar as alcaldías actuais, sumar outras novas, manter e mellorar os resultados onde o partido non goberna e asegurar a continuidade dun Goberno de esquerdas e presidido por socialistas na Deputación".

Para iso, explicou, está desenvolvendo un traballo estratéxico, planificado, coordinado, en equipo, en todos os concellos e partidos xudiciais, sobre o terreo, nas agrupacións, nos concellos, co tecido asociativo, para informar e para ser informados, ata chegar a maio de 2023 nas mellores condición e aca-

dar os mellores resultados.

ECONOMÍA. O Secretario Xeral puxo en valor as medidas do Goberno de Pedro Sánchez, para transformar a economía e protexer a maioría social, nuns tempos realmente difíciles, primeiro pola pandemia e agora pola guerra de Putin. "Nada nos pode ser indiferente aos socialistas, estamos obrigados a tomar decisións, valentes e ambiciosas. Sabemos ben quen somos e que queremos, por iso coma sempre, as nosas prioridades son os traballadores e as clases sociais mais desfavorecidas".

Nestes intres, o Goberno de Pedro Sánchez está gobernando para superar esta situación, e ao mesmo tempo para transformar a economía e protexer a maioría social do país. "E faino a través de medidas como as bonificacións de combustibles ou a rebaixa do IVE no consumo eléctrico, ou a recuperación do poder adquisitivo das pensións, coa suba dun 15% para as non contributivas,

e a subida do Ingreso Mínimo Vital. E tamén coas axudas aos autónomos, parados, gandeiros, agricultores así como para os sectores da pesca ou o transporte".

Ademais diso, "aprobamos un novo imposto para as entidades bancarias e as grandes empresas enerxéticas. Becas complementarias, medidas para a limitación nos alugueres. E promovemos a reforma laboral a pesar da crise económica e enerxética para a creación e o mantemento do emprego, con iniciativas como a suba histórica no Salario Mínimo Interprofesional que pasou do 775 euros co PP, aos 1.000 euros actuais". O Secretario Xeral na provincia aludiu ao traballo que se está impulsando dende a Deputación de Lugo para responder ás necesidades da provincia. "Unha política de feitos e realidades afastadas dos xestos populistas do PP. Por unha banda, recuperamos a normalidade institucional, e estamos traballando cun bo ritmo de traballo elevadp e constante".



AS POLÍTICAS SOCIAIS. Remarcou que as políticas sociais son as prioritarias na súa folla de ruta "ás que lles adicamos máis dun tercio do orzamento. Outra clave segue sendo a cooperación cos concellos para que poidan ofrecer máis e mellores servizos, así como o apoio incondicional aos sectores produtivos da nosa provincia. E sen esquecer mellorar as nosas vías de comunicación, que son un factor esencial para mellorar a vida da xente, fixar poboación e dinamizar a economía e o emprego e facer competitivo ao territorio". Tomé Roca acusou ao PP de non ter nin unha soa idea para a provincia.

REPRESENTANTES COMARCAIS. No que atinxe ás cuestións orgánicas xa están elixidos os novos representantes comarcais. Marta Rey é a nova coordinadora na Mariña; Miguel Ángel Crende en Lugo; Rafael García no Suroeste; Iván Castro na comarca de Sarria; José Luís Losada en Monforte de Lemos; na Comarca da Terra Chá, Constantino García e na Montaña con José Ángel Fernández Carrin. Con estes nomeamentos, o PSdeG afronta unha nova etapa na que seguiremos traballando e defendendo os nosos concellos, tanto no Goberno como na oposición.

Denuncia que os concellos quedan sen atención pediátrica no verán

O BNG denuncia que a Xunta deixa un ano máis sen atención pediátrica aos concellos de Meira, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piñín, Riotorto e A Pontenova durante o verán.

O Bloque fixo unha consulta a través do Servizo de Atención ao Usuario e a resposta constata que a Xunta non prevé substituír o especialista que presta este servizo nos centros de saúde de Meira e da Pastoriza durante o seu período estival. Isto supón

como única alternativa desprazarse até Vilalba ou ao HULA.

Desde a organización frontista destacan que esta situación repítese nos últimos veráns e tamén noutras ocasións ao longo do ano, xa que o Sergas non está a cubrir os descensos nin as baixas do persoal facultativo da atención pediátrica. Feito que tamén sucedeu durante os meses de maior incidencia da pandemia, na que os gromos nos colexios multipli-

caron as necesidades de consultas. Para o BNG, a situación nos centros de saúde de Meira e A Pastoriza demostra que a carencia de persoal na atención primaria, e especialmente en pediatría, é un problema.

O Sergas xustificou a falta de pediatra nos centros de saúde de Meira e Pastoriza polas vacacións do facultativo, ao que suman "a falta de médicos en determinadas especialidades".

A CHMS aconsella o aforro de auga debido ao nivel dos encoros

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) indica que no mes de xuño rexistrouse unha precipitación media de 72,7 l/m², un 47 % superior ao valor medio, polo que resultou ser un mes húmido nas concas do Sil e Limia, e moi húmido nas do Miño e Cabe.

A pesar diso, a falta de precipitacións acumulada durante este ano hidrolóxico, iniciado o pasado 1 de outubro, fai que nos atopemos ante o ano hidrolóxico máis seco da serie 1980/81

a 2020/2021, tras o ano 2016/2017, 2004/2005 e 2011/2012 nos que se viviron situacións similares á deste ano.

Por outra banda, os encoros atópanse ao 53,25%, un 23% inferior á media histórica e 9,6% menos que o ano pasado, 63 %.

Desde a CHMS instan a un "uso racional do recurso, lembremos que só entre tod@s poderemos facer fronte aos efectos desta seca prolongada" concluiu Quiroga.

MEIRA 13, 14, 15, 16 E 17 DE AGOSTO 2022

FESTAS NA HONRA A NOSA SEÑORA E SAN ROQUE

DOMINGO 13
A partir das 20h. **CANTOS DE TABERNA**
13:00h Misa solemne, sesión vermú amenizada polo **BANDA DE ACORDEÓNS DE MEIRA**.
18:30h **CIRCO ESTRELAS MÁXICAS** na Plaza Meir.
20:30h **CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL DE MEIRA**.
22:00h **PREGÓN A CARGO DE ANDRÉS GOTEIRA**
DIRECTOR DE ONE E GAVADOR DE XI MESTRES MATEO
Verbena con

DOMINGO 14
SUPER FABRICK e MUSIC SCAFFOLD
(volver os guateques)
24:00h FOGOS ARTIFICIAIS

LUNS 15
Pasarelas coa **CHARANGA OS TRILEROS**
13:00h Misa solemne, sesión vermú polo **CORO PARROQUIAL DE MEIRA**
18:00h **3X3**
A partir das 20:00h **CONCERTO DA PREBANDA E O GRUPO DE SAXOFOS**
Verbena coa orquestra

MARTES 16
12:30h Saída da igrexa coa procesión á Capela de San Roque acompañada polo **GRUPO GAITAS DE MEIRA E BANDA DE ACORDEÓNS DE MEIRA**
13:00h **MISA SOLEMNE** na Capela de San Roque.
14:00h Sesión vermú a cargo da orquestra **COCKTAIL**
18:00h **FESTA INFANTIL**
23:00h Verbena coa orquestra

COCKTAIL E ACTUACIÓN DE ANTONIO BARROS
(EX-CANTANTE DA ORQUESTRA KUBO)

MÉRCRES 17
XIRA CAMPESTRE NO PORTO DA PENA
CHARANGA - GRUPO MUSICAL
DISCOTECA MÓVIL E XOGOS POPULARES

Bar - Transportes - Agente de Espectáculos - Taxista (Meira - Mosteiro)

O'Mariñeiro

608 98 83 66
629 52 71 36
680 28 82 60

Costa de Cabo, s/n
27248 MEIRA - LUGO

DEPORTES

EN BREVE

COPA DE FÚTBOL. O Concello de Xermade celebrará no mes de agosto o X Trofeo de fútbol Manuel González Fernández. Na primeira seión haberá dous partidos, o Xermade-Roupar, o sábado 13 ás 18.00 horas no campo de Roupar; e o Cazás-Cabreiros, que se disputará o domingo 14, á mesma hora no campo do Cabreiros. A final será o domingo 21, ás 18.00 horas en Xermade, mentres que os perdedores pelexarán polo terceiro e cuarto posto o sábado anterior, 20, á mesma hora, no campo de Cazás.

SD GUITIRIZ. A SD Guitiriz iniciou unhas xornadas de portas abertas que se prolongarán ata o 26 de agosto e que teñen como obxectivo incentivar á mocidade local a coñecer aos equipos e sumarse ás filas do club para a próxima tempada. Estas xornadas están dirixidas á mocidade dende a categoría prebiberón, nados no 2019, ata xuvenil, do ano 2004. Os interesados en participar poden inscribirse neste enlace, ou chamar ao teléfono 636171821 ou escribir ao correo sdguitiriz@yahoo.es.

MALENA MIERES. O Real Betis Mulleres e a pontesa Malena Mieres chegaron a un acordo para a ficha de gardameta ata xuño de 2024. Malena Mieres García (As Pontes, 29/03/2000) asina dúas tempadas procedente da SD Eibar, club onde se formou as tres últimas tempadas. Neste último curso, disputou 15 partidos en Primeira Iberdrola; todos como titular. Ademais do Eibar, anteriormente pasou polo Deportivo Abanca e deu os seus primeiros pasos no fútbol no PM Friol.

TORNEO DE PÁDEL. O Concello de Begonte organiza o II Torneo de Pádel que se celebrará os días 26, 27 e 28 de agosto. A inscrición ten un prezo de 20 euros por parella, ata un máxio de 20, polo que será necesario inscribirse antes do 23 de agosto. Establécese a categoría libre (masculina, feminina ou mixta) e a organización establece un welcome pack de agasallo, seguro de accidentes, bolas e reparto de augas. Haberá premios para os dous primeiros clasificados do cadro de honra e os 2 primeiros de consolación.

NATACIÓN. O equipo infantil do centro deportivo D10 de Outeiro de Rei fíxose con dúas medallas de ouro no Campionato de España na Segunda División na especialidade de natación artística celebrado en Santa Cruz de Tenerife. Unha das medallas foi polo seu traballo de equipo na categorías figuras da xeral absoluta do campionato. E o outro ouro foi para a nadadora Helena López Castrillo.

Alvariño remata como campión de España

O seteiro pontés do club Sílex Miguel Alvariño proclamouse campión de España de tiro con arco continuando así coa súa proxección internacional no que vai de ano. Alvariño puxo a guinda a unha excelente participación dos seteiros galegos na cita nacional. O pontés chegou á final tras impoñerse con solvencia ao andaluz Manuel Guerra (1-7), ao madrileño Javier Mérida (0-6), ao leonés Pablo Acha, compañeiro do combinado nacional (3-7), e ao aragonés Francho Rufas (0-6). Coa medalla asegurada, culminou a súa participación individual coroándose ante o aragonés Andrés Temiño (2-6).

Tamén foi exitosa a participación da selección galega, integrada por Alvariño e o seu compañeiro do Sílex Dani Castro, ademais de Pablo Filgueira, do Arco Ferrol. Non lograron clasificarse para a final ao caer ante Aragón pero impuxéronse, obtendo o bronce, a Castela e León.

En días previos o arqueiro pon-



tés obtivo a medalla de prata en equipos e individualmente fíxose co bronce na Copa do Mundo de Medellín.

Broche de ouro para Miguel Alvariño, que pecha a tempada con 10 preseas internacionais. O seteiro continuará a súa andaniana na final da Copa do Mundo en Tlaxcala (México), do 22 ao 25 de setembro, competición á que tan só se clasifican os 8 mellores deportistas da tempada en cada categoría

Máis de 225 clubs do deporte base recibirán axudas da Deputación

A Xunta de Goberno aprobou este venres a resolución provisional da concesión de subvencións a entidades deportivas da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Máis de 225 clubs de base e afeccionados resultaron beneficiarios destas achegas destinadas a fomentar o deporte e a apoiar a actividade do tecido asociativo de base, cun investimento total de 500 mil euros. As subvencións, que oscilan entre os 300 e os 5.000 euros, chegarán a unha ampla variedade de disciplinas-fútbol, baloncesto, ciclismo, piragüismo, atletismo, ximnasia rítmica, patinaxe, triatlón, balonmán, natación, voleibol, waterpolo, bádminton, tenis de mesa, padel, tenis, squash, karate, taekwondo, judo, kung fu, loitas olímpicas, tiro, surf, remo, xadrez, bolos, rugby ou pesca – para atender diferentes gastos relacionados coa actividade habitual, desde licenzas e dereitos de participación en competicións

ata material, vestimenta deportiva, transporte ou persoal. Ademais de contribuir ao mantemento da actividade ordinaria das entidades deportivas, a través desta convocatoria, que conta cunha liña específica para eventos, a Vicepresidencia da Deputación apoia a organización de máis de medio cento de torneos, campionatos e probas deportivas promovidos polos clubs en toda a provincia. O deputado Efrén Castro, sinalou a importancia desta convocatoria para “a actividade de clubs de deporte base e afeccionado, que desenvolven un papel fundamental en facilitar o acceso ao deporte en todo o territorio, e que ademais de ter unha importante dimensión social, está dando tamén grandes resultados a nivel de crecemento deportivo, xa que deportistas lucenses de categorías de base formados nestes clubs están destacando en moitísimas disciplinas”.

Abre a inscrición para un novo campus de rugby das Pontes

O Fendetestas das Pontes organiza este verán a V edición do Campus de Rugby, que terá lugar do 22 ao 26 de agosto. O prazo de inscrición para o mesmo xa está aberto e este remata o 8 de agosto.

Este Campus de rugby está dirixido aos máis novos de entre 4 e 16 anos, e levarase a cabo no campo artificial O Poboado.

O contido do campus centrarase en aprender as regras desta especialidade, as súas tácticas e as xogadas básicas con integrantes do equipo pontés. Tamén haberá iniciación a outros deportes, visitas culturais e excursións.

As sesións irán das 10:00 ás 18:00 horas e os interesados en participar deberán facelo dirixíndose ao



correo campus@crfendetestas.com. Haberá prezos diferentes dependendo do horario, xa que pode participarse só de mañá ou facendo o xantar e a poernoita. Os xogadores do club e os irmáns terán descontos

Cuba proclámase campión do Mundo de policías e bombeiros

O loitador vilalbés Jose Cuba acaba de proclamarse campión do Mundo de policías e bombeiros nos Xogos Mundiais que se están a celebrar en Rotterdam.

Cuba alzouse co primeiro posto en peso pesado nas tres modalidades da competición. O sábado disputou a modalidade de libre olímpica e do-kijngko alzouse co ouro nas modalidades de Greco-romana e Grappling. Remata unha boa competición para Cuba que deixa patente o bo estado



de forma para afrontar os clasificatorios olímpicos do próximo ano.


O 13 terá lugar unha nova carreira popular nos Vilares

O 13 de agosto celebrarase a XXX Carreira Popular Os Vilares de Guitiriz coincidindo coa celebración da Romaría Labrega da Chaira.

A proba comezará ás 11.00 coa recollida de dorsais, e ás 12:30 dará comezo a categoría absoluta que será de 5 quilómetros, e na que haberá diferentes categorías, A (ata 29 anos), B (de 30 a 42 anos), C (de 43 a 55 anos) e D (máis de 55 anos).

Ás 13:15 será a quenda das carreiras infantís coas categorías E (2107 e posteriores), F (2014 a 2016), G (2011 a 2013), H (2009 a 2010) e I (2007 a 2008)

Ao rematar as diferentes probas farse entrega dos premios para os mellores participantes, ademais do agasallo conmemorativo para todos.



Os premios serán para o primeiro atleta local e o gañador ou gañadora da carreira absoluta.

Haberá avituallamento final para os atletas que rematen a proba, na zona habilitada pola organización.

Para participar é preciso inscribirse antes do 11 de agosto na páxina web de championchipnorte.com.

O Rácing Vilalbés e o CD As Pontes presentan os seus novos equipos

O Vilalbés iniciou co tradicional partido ante o Deportivo, a tempada 2022/23 cun equipo renovado que foi presentado no estadio da Magdalena.

O conxunto chairego, que milita na Terceira División, abre a tempada con 16 xogadores e de novo dirixido por Simón Lamas, que estará acompañado no banco por Juan Rodríguez, como segundo adestrador; David Otero, como preparador físico; María López, como fisioterapeuta, e Xandre Vázquez, como adestrador de porteiros.

O Vilalbés encara esta tempada con moitas renovacións, como as de López, Javi Varela, José Varela, Make, Buyo, Vérez, Cuadrado, Javi Rey e Rares.

A estes súmanse as caras novas de Álex Santomé e Bugy, ambos os dous porteiros procedentes do Marbella e do Fistera, respectivamente. Tamén se incorpora dende o Compostela o defensa Joel López; o mediapunta Pablo Rey do Somozas e o extremo esquerdo Álex Pérez dende o Choco. Tamén procedentes do Somozas súmanse os dianteiros Santi Gegunde e Marcos Álvarez. Finalmente, Ale Espeso, do Spórting San José estará a proba.

Finalmente, o Vilalbés confirmou que este ano contarán cun equipo filial mentres Cadra e Ferreiro incorporáanse ao sénior dende a categoría xuvenil, na que Noel, Miguel Rivas, Yago Miguélez, Hugo Fernández Álex Gimeno e Toni Méndez adestran tamén como reforzo. No capítulo de baixas, deixaron o equipo o porteiro Ángel Fraga por motivos laborais, Otero, Dani Pedrosa que vai ao Bergantiños, Javi Rumbo, Ángel Casanova, Alberto e Jorge Tomé.

CD AS PONTES. O CD As Pontes seguirá un ano máis na categoría Preferente, na que se manterá tras ter superada a segunda fase fóra dos postos de descenso.

A primeira aposta do club foi a continuidade de Iván Rodríguez como director deportivo e de Rafa Casanova como adestrador do primeiro equipo, quen contará con Rubén Rivas, con máis de vinte anos de traxectoria no club, como segundo adestrador na vindeira tempada.

Logo da confirmación da continuidade de Rafa Casanova como técnico do primeiro equipo, chegan os primeiros movementos de cara á vindeira tempada. Xa hai 9 baixas,

entre as que figuran Paco Fernández, porteiro, ficha pola UD Somozas; Alberto Rodríguez, defensa, que ficha polo Galicia de Mugarzos; os centrocampistas Toni Rodríguez, Dani Bellas e Edgar López así como o defensa Iván Pérez irán ao Cedeira SD; Aitor Moreda, dianteiro, que se incorpora ao CD Foz e Diego Fraga "Lucky", dianteiro, que é baixa por motivos laborais.

Por outra banda, o club decidiu a renovación de Kike, porteiro, quen desempeñará tamén as funcións de adestrador de porteiros no club. Seguirán os defensas Sergio Criado, David Otero, Martín Traba e Dani Montes, así como os centrocampistas Marcos Vilela, Jaime Leira e Javi Fernández. Finalmente renova Brais Santalla na dianteira do equipo.

Aínda que o capítulo de fichaxes están sen rematar xa se coñecen algúns nomes como Eloy Díaz, dianteiro procedente do C.D. Boiro e Javi Martínez, defensa/centrocampista, procedente do Cultural Maniños.

A estas incorporacións únense Iago Seijo, dianteiro procedente do Cultural Maniños, e Iván Parapar, porteiro pontés procedente da SD Sarriana.



A BASE. Como todos os anos, o CD As Pontes abriu o prazo de inscrición para participar nas bases do equipo a próxima tempada que dá inicio no mes de setembro.

Así, os pequenos e pequenas a partir dos 4 anos ea ata os 15 poderán inscribirse nos distintos equipos para as categorías biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete. Os conxuntos serán mixtos.

Tamén a SDPol continuará este ano co seu equipo xuvenil, que se for-

mou durante a pandemia e xa participou na tempada pasada.

Así, pon en marcha un proceso de inscrición para todos aqueles rapaces nados entre o 2004 e o 2007 para que se incorporen ao club durante e esta empada.

A inscrición é totalmente gratis e inclúe a inscrición federativa, material, vaixes e adestramentos cun profesional titulado.

Os interesados en participar neste proxecto poden poñerse en contacto co club.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COspeito

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓNS

Setenta pesos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Traballar nos servizos sociais municipais leva consigo un contacto directo e continuado coa xente, producíndose unha inevitable proximidade, aínda mantendo as distancias e cinguíndose ao ámbito profesional. No caso de Galicia, e máis concretamente nas zonas rurais, son maioritariamente as persoas de idade as usuarias da orientación e asesoramento, así como dos diversos programas que se podan ofrecer desde os concellos. A consecuencia delo —unha de

moitas-, é que existe a oportunidade de coñecer historias de vida, algunhas curiosas, outras sorprendentes, pero todas elas dignas de ser escoitadas e analizadas.

Aqueles homes e mulleres que naceron nos anos trinta tocoulles vivir de meniños unha cruenta e despiadada guerra civil, así como un período que chegaría despois e duraría un tempo considerable onde a escaseza era a tónica habitual. Non é casual as masivas emigracións do campo galego cara destinos lonxe de aquí na procura dun mellor futuro.

Esa precariedade económica das familias, caracterizadas estas por unha numerosa prole, a diferenza de hoxe en día, levaba a que xa de moi noviños houbera que porse a

traballar.

E exemplo disto témolo en Xosé, un friolés nado en 1936, xusto cando deu comezo a Guerra. Con trece anos xa foi a Castela ás segas, concretamente a fincas ubicadas na localidade de Brunete, en Madrid. Como aínda era un neno, a súa función consistía en atar o que os maiores segaban a man coa fouce, facendo os mollos que logo se apilaban en forma de palleiros. Non disimulaba a súa emoción cando o contaba. Xosé botaba cincuenta días baixo o sol abrasador daquelas terras coas súas cincuenta noites, lonxe dos seus. Con orgullo e satisfacción, afirmaba que con apenas dezasete anos, cando volveu da campaña en Castela, púxose a segar en

Friol, deixando abraidos a todos, porque ninguén era quen de seguirle o ritmo. O pequeno convertérase nun home e xa non se limitaba a atar e facer os mollos, senón que segaba como calquera outro adulto ou incluso mellor. As expedicións a Castela xa as mencionaba Rosalía De Castro nos seus famosos Cantes Gallegos hai cento cincuenta anos. Imposible non recoñecer o poema “Castellanos de Castilla, tratade ben os galegos, cando van, van como rosas, cando ven, ven coma negros”. O propio Xosé, testemuña e protagonista, aseveraba que resultaba moi dura a experiencia, pero a cambio, el voltaba para a casa con setenta pesos, e no lote tamen viña unha boa capa de piollos. En

cartos supoñía 350 pesetas, entón a dous euros e dez céntimos, que pode semellar unha miseria, pero como Xosé afirmaba, a súa familia podía destinar trinta pesos a un ferrado de trigo, que se sementaría despois para ser colleitado e así ter pan durante todo o ano.

Estas vivencias non poden quedar no esquecemento. Aínda que parece que pertencen a tempos moi lonxanos, en realidade non o son tanto, porque entre nos outros temos homes, de idade avanzada, si, que o poden contar en primeira persoa, formando parte da Historia con maiúsculas do noso País. Setenta pesos en cincuenta días e unha capa de piollos. Non hai máis que engadir.

E nisto chegou Prisciliano

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

En 2013 os Amigos de Prisciliano, comandados por Ramón Chao, instalamos en Compostela unha escultura en homenaxe a este bispo alternativo que, xunto a outros compañeiros, foi o primeiro sentenciado a morte por herexía e executado polo goberno secular, en nome da Igrexa católica. A nosa idea inicial era que fose unha figura itinerante para transportar nun santoral de madeira, como facían antes coas imaxes relixiosas polas casas. Non puido ser, porque a obra saíu máis grande do previsto, concibida en terracota por inspiración do artista mallorquín Eduardo Servera. Por ese motivo tiveron que recibila en Galicia nunha especie de cadaleito —especialmente preparado para o seu transporte dende as Illas Balears- e cando o abrín e conseguín desempaquetalo, atopei un sobre vermello que contiña un papel no seu interior coa seguinte misiva: “Ola, son Prisciliano. Veño para quedarme. Alégrame de saudarte”. Cousas de Ramón. Apresureime para organizalo todo. Decidimos colocalo no escaparate de Altira, espazo de arte promovido por Xurxo Martiño, mesmo na entrada de Composte-

la, para reivindicar a influencia de Prisciliano na cultura galega. Un ano despois trasladámolo ao barrio de San Lázaro, onde se atopa na actualidade, tras o acordo alcanzado con Xosé Mata Buela, con quen organizamos unha presentación oficial de Amigos de Prisciliano no marco das “Noites Xoves”. Considerado un símbolo da intolerancia política e relixiosa, Prisciliano fundou unha escola ascética, rigorista, de talante libertario, precursora do movemento monacal e oposta á crecente opulencia da xerarquía eclesíastica imperante no século IV. Os aspectos máis polémicos, en cuestións formais, eran o nomeamento de «mestres» ou «doutores» laicos, a presenza de mulleres nas xuntanzas de lectura e o seu marcado carácter austero.

A acto fundacional de Amigos de Prisciliano tivo lugar hai dez anos en Ourense, na sede que instalamos no barrio da Ponte grazas á colaboración desinteresada de Pepe Saburido, recoñecido activista cultural na cidade das Burgas. Ademais de Ramón Chao e de quen escribe este conto, a iniciativa foi promovida polo actor e guionista francés Jean-Claude Carrière (quen asumiu a “presidencia herética”), Ignacio Ramonet (presidente de honra), Gabriel Núñez Chao (secretario), Xosé Manuel Ledo Casebio (responsable de acción propagandística) e unha morea de



homes e mulleres que recrutamos durante anos polo mundo adiante, como os poetas Miguel Barreira, Pilar Maseda e Iria Fernández Crespo, o escritor Kirmen Uribe ou o antropólogo Tadashi Yamamoto, entre outros. Asemade, conta cun amplo respaldo no eido da cultura, da música e das letras galegas. A figura histórica de Prisciliano foi o punto de encontro dos irmáns Xosé e Ramón Chao Rego, tras un longo distanciamento que se pechou nos anos oitenta, cando comezan a estudar ao herexe, rematando coa edición dos seus respectivos libros en marzo de 1999. Xosé publica Prisciliano, profeta contra o poder (Vigo, Promocións Culturais Galegas) e Ramón fai o mesmo con Prisciliano de Compostela (Barcelona, Seix Barral), editado posteriormente en galego co título O camiño de Prisciliano (A Coruña, Espiral Maior).

Xosé aborda a figura de Prisciliano dende unha perspectiva histórica e teolóxica. Na súa madurez intelectual, toma conciencia coa loita obreira en Ferrolterra, o que lle permite achegarse aos símbolos da identidade galega. Xosé é o verdadeiro impulsor da figura de Prisciliano en Galicia, creando escola cos seus amigos Bernardo García Cendán (ponte con Ramón en París e un dos fundadores do Instituto de Estudos Chairegos en Vilalba) e Alfonso Blanco Torrado (fundador da Asociación Cultural Xermolos en Guitiriz). Xosé foi nomeado Fillo Adoptivo de Compostela en 2004. Pola súa banda, Ramón reivindica a Prisciliano dende o eido cultural, a través dunha peculiar peregrinación en motocicleta dende París a Compostela, para coñecer a verdadeira historia da vida, da traxectoria e da morte do herexe. Durante esa viaxe coñece

a diversas persoas que, cos seus relatos, van marcando a seguinte etapa do camiño. En realidade, trátase de dúas liñas paralelas: a da vida de Prisciliano e a da traxectoria persoal do autor. Hai un momento de inflexión: cando o seu fillo Manu recupera o instinto ao chegar a Compostela e alí crea o proxecto A Feira das Mentiras, como confesará anos despois nunha entrevista: “Cheguei a Galicia e o país enteiro curoume”. Ramón asume a súa condición de Fillo Pródigo de Vilalba en 2011, durante unha visita á terra natal en compañía de Ignacio Ramonet. Tiven o privilexio de fundar con Ramón o proxecto Amigos de Prisciliano, concibido como unha rede ácrata, multicultural e altermundista coa figura do herexe como personaxe central. Esta reivindicación facilitou o seu reencontro con Galicia e tamén permitiu pechar un círculo vital con Vilalba, onde regresou puntualmente cada ano dende 2010, nun proceso persoal de reconciliación co seu pasado e nun percorrido pola súa traxectoria como músico convertido en xornalista. De feito, a capital da Terra Chá está presente en toda a súa obra. Ao remate das súas vidas, Xosé e Ramón atopáronse outra vez no Paseo dos Soños de Vilalba, con cadansúa escultura no Hectómetro Literario: o profeta contra o poder e o Piano Prisciliano. Ficarán sempre connosco.

Correspondencia entre Manuel María e Gabriel Aresti (III)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Na carta, datada en Monforte o 2 de xuño de 1970, Manuel María dille:

“Meu querido amigo: Acuso recibo da túa carta e dos teus sonetos en castelán. Paréceme moi ben a túa idea. Aí che vai a miña versión ao galego. E tamén uns poemas meus sobre o tema, escritos á presa, como se fan sempre estas cousas. Empreguei a forma de cantiga debido a que é o metro en que está escrita a lírica dos Cancioneiros medievais. A cantiga, por outra parte, está bastante desprestixiada entre nosoutros, debido ao uso e ao abuso que de ela se fixo nestes últimos anos, nos xogos florais que se celebran en todas as cidades, vilas, aldeas, lugares e casaríos de Galicia. De todos xeitos eu emprego este metro porque é unha estrofa privativa nosa, consagrada desde o século XI. Agardo que os poemas sirvan e que non che parezan demasiado malos. Con referencia o último dos teus sonetos, debo aclararche que non me apelido Franco. Os meus apelidos son Fernández -como case todos

os galegos- e o segundo Teijeiro. O que pasa é que anda un señor por Galicia -creo que aínda vive- que se apelida Franco Grande que escribe versos. Polo demais, segundo teño entendido, é boa persoa y bastante bo galego. Así que terás que amañar o último verso do terceiro soneto. Os meus vinte e tantos libros están firmados simplemente co meu nome: Manuel María.

Non me estraña nada ese problema do que me falas con referencia aos nosos emigrados. É unha xente con un terrible complexo de inferioridade que, ao saír da súa terra, vai gañar a vida a onde sexa e como sexa. É natural, por outra banda, que a miseria material, traía tamén a miseria espiritual unha serie de taras psicolóxicas, imposibles de curar. Gustaríame falar contigo disto. É un fenómeno que me ten chamado a atención e sobre o que teño meditado. Con todo eu persoalmente teño unha pena e unha comprensión inmensa para esa xente que o único que intenta non é vivir, senón sinxelamente sobrevivir”. Compre dicir que Gabriel morreu prematuramente o 5 de xuño de 1975, polo que non puido publicar o libro e os poemas, que so foron publicados con moitas erratas no programa de festas, desapareceron cos programas. Mais tarde chegaron ás miñas



mans e pedinlle a Manuel María que me traducira os de Aresti ao galego, coa idea de facer o libríño en galego e en éuscaro, que Aresti quería haber feito, respectando o español que utilizou nos seus sonetos para que o entenderamos os galegos.

Logo veu por Euskadi o amigo Xurxo Martínez Crespo, comenteille o tema e díxome que o podía publicar FESGA (Fundación para o estudo e divulgación da cuestión social e sindical en Galiza), á que logo se sumou IPAR HEGOA (Ikasketa sindikatarako fundazioa). As dúas fundacións: A

da CIG e a do sindicato vasco LAB, do que eu era delegado. Algo co que eu nin soñaba.

Logo conectamos co poeta vasco Edorta Jiménez (que xa nos traducira, co pseudónimo de Omar Nabarro o libríño Saturno, de Manuel María; editado pola A. C. Rosalía Castro de Barakaldo co gallo do Día das Letras Galegas de 1989) para que o pasara ao éuscaro e de aí saíu o libro “Gallegos en Bizkaia-Galiziarrak Bizkaian” cuxa portada podedes ver na foto que acompaña este artigo.

Despois desta aclaración, seguimos coa carta do poeta chairego, que se que así:

“Non coñezo persoalmente a Carlos Martínez. Gustaríame coñecelo. Supoño que o coñecerei algún día.

A Academia Galega, que por certo acaba de nomearme Correspondente, é unha especie de caverna habitada por una santa compañía pintoresca e anacrónica. Iso da Ortografía fíxoo á pata cha. Pero algo é algo.

Eu coa VAL DE LEMOS perdo diñeiro, aunque non moito. Hoxe o libro galego empeza a ter un bo mercado. O que pasa é que fai falta una distribuidora eficiente. E tamén era moi necesaria unha editorial xoven con auténtica garra. Teño pensado moito nisto. O que pasa é que vivo nun pobo de 20.000 habitantes con dúas

imprentas anticuadísimas. E o único que podo facer é a colección de poesía.

En canto a min o único que podo dicirche é que teño para publicar dous libros en Bos Aires: un de contos, premiado o ano pasado e outro de versos, bastante voluminoso, escrito do ano 1963 ao 1970 aproximadamente. A “Celta” de Lugo anda coa segunda edición dun vello libríño meu: DOCUMENTOS PERSONAIS. E “Castrelos”, de Vigo pensa sacar para o outono a miña farsa escrita en xaneiro deste ano, dentro do teatro para monicreques, do estilo de BARRIGA VERDE, que se titula AUTO DO CASAMENTO, GOBERNO E XUSTICIA DO REI BULULÚ. E a mesma editorial tenme encargada unha antoloxía da miña propia poesía, escollida por min. A propósito de antoloxías non sei si che envíe a miña bilingüe, que publicou ADONAI, de Madrid. Si non cha envíe, dimo e fareino.

A ver si fas unha escapada hasta Monforte de Lemos. A miña casa (escusado é dicilo) está aberta para todos os amigos. Ti serás ademais un amigo de excepción.

Por hoxe non se me ocorre nada máis.

Saúdos a Carlos Martínez.

Un forte abrazo para ti do teu bo e agradecido amigo”.

Aprobados de despacho

O PUPITRE



Julio Díaz

Cada alumno aprobado nun despacho sen merecelo supón un docente desautorizado, un Departamento menosprezado e un Claustro desprestixiado.

Por desgraza e cada vez con máis frecuencia, esta forma de desautorizar a un profesor, a un Departamento e a todo o Claustro de profesores desde un despacho non son casos que ocorran illadamente senón unha tendencia iniciada hai varios anos e que non deixou de potenciarse e estenderse grazas ao boca a boca de determinados proxenitores que alardean da “fazaña”.

A marabunta normativa e máis aínda a falta de claridade e concreción da mesma respecto á avaliación do rendemento académico serven para que a Administración Educativa mellore nun despacho as notas asignadas polos docentes aos seus alumnos. Non importa o que o raparigo escriba no exame, agárranse ao que

sexa: falta de criterios claros e concisos, mala ponderación, escasa ou falta de publicidade do proceso, descoñecemento do alumnado ignorando a nosa Admón. que a ningún de nós nos agrada suspender aos nosos alumnos, xa que no fondo non deixa de ser un fracaso no noso traballo, pero de todos é coñecido que temos alumnos nas nosas aulas que non saben facer un O cun canoto e non está nada ben que os nosos superiores sen ter en conta as probas realizadas polo alumno, nin o seu traballo ao longo do curso, busque defectos burocráticos para xustificar unha corrección das súas cualificacións. Non debería ser unha cuestión de papeis, debe cingirse a se o alumno sabe ou non sabe.

Se un alumno presenta unha reclamación da súa nota o departamento desa materia debe reunirse e analizar o traballo realizado por el decidindo se a cualificación outorgada debe ou non modificarse, sendo o normal que a nota se manteña, xa que o 95% das protestas carecen de fundamento e a maioría delas son unha falta grave á dignidade dun profesional; a algún proxenitor teríasele que caer a cara

de vergoña por promover determinadas reclamacións.

Ocorre nos últimos tempos que moitos pais profesionalizáronse, coma se de empresas de reclamación de multas se tratase, en solicitar a revisión das cualificacións dos seus vástagos, escudriñando as normas ao límite legal, sen darse conta que a nota que a Administración regala ao seu fillo é un dardo envelenado que inculca unha mala lección con consecuencias negativas para o seu futuro académico, profesional e persoal. Este alumno despois de gañar a batalla dáse conta que hai maneiras de prosperar con atallos e trucos que non lle esixen esforzo nin tesón, mentres que os seus compañeiros para conseguir o mesmo tiran de traballo, constancia e tenacidade.

Debemos non só os docentes, senón toda a sociedade esixir á Administración Educativa respecto polo noso traballo e debemos trasladarlles que o profesorado entre tarefas administrativas, xestións e reunións vémonos obrigados, a maioría das veces, a dedicar máis tempo ao estudo de normas absurdas e arbitrarias que a preparar as nosas clases. Os docen-

O RECUNCHO DE CANELINA



tes só pedimos iso, poder impartir clases sen interferencias nin presións no noso traballo.

Finalizar pedindo á Administración Educativa que se deben valorar as reclamacións dos nosos alumnos, máis que deles dos seus papás, con

criterios académicos e non formais. Que antes de aceptar unha reclamación débese demostrar que se superaron os obxectivos da materia e non centrarse en se faltaba a publicidade dun “criterio”, un selo ou un formulario estaba incompleto.

DE RUTA EN RUTA

Guitiriz: Ruta da auga

Os lugares, a historia e as construcións que se atopan no percorrido, fan del un camiño moi recomendable

É un roteiro, para facer a pé, duns vinte kilómetros de lonxitude que tenta enlazar o Camiño Norte De Santiago coas tres fontes de auga medicinais existentes no Concello de Guitiriz: Fonte de Valdovín, en Parga, Fonte de San Xoán, en Lagostelle e Fonte De Pardiñas, situada dentro da aldea do mesmo nome que pertence á parroquia de Lagostelle.

O inicio, nun lugar emblemático de Guitiriz, está na parroquia de Sambreixo, nunha paraxe singular coñecida como San Alberte onde conflúen unha ponte romana, unha interesante capela gótica con cruceiro deste século (esculpido pola canteira local Josefa) e un asombroso conxunto natural con gran variedade de árbores; todo á beira do río Parga que nesta zona xa é adulto e corre raudo a xuntarse co Ladra uns kilómetros despois. Moi perto daquí, subindo só ...metros á esquerda, atópase o miradoiro de Sambreixo dende o que se pode disfrutar dunha fermosa visión da zona.

Existen tres tramos, o de San Alberte a Fonte de Valdovín, o de Fonte de Valdovín a Fonte de San Xoán e do Fonte de San Xoán a Fonte de Pardiñas. Os tramos indican e dividen os catro puntos fundamentais da ruta: o Camiño de Santiago ó seu paso pola zona do San Alberte en Sambreixo, a fonte de Valdovín en Parga, a fonte de San Xoán dentro do complexo termal de Lagostelle (Guitiriz) e a fonte de Pardiñas. Os subtramos dividen cada tramo principal tomando como referencia lugares que posúen acceso rodado. Algúns subtramos aínda admiten outras divisións porque existen puntos ós que se accede por antigos camiños de carro sen asfaltar.

A Ruta da Auga tal como indica o seu nome pretende amosar o potencial acuifero de Guitiriz tanto no seu aspecto de saúde coma no valor vital do líquido elemento en xeral. Ademais de conter as fontes de augas medi-

cinais que dende hai máis dun século veñen curando doenzas a guitiricenses e forasteiros, a ruta transcurre na meirande parte do seu percorrido á beira dun río e pasa por varias zonas onde se xuntan dous ou tres regatos.

No seu inicio, parte río arriba paralela ó río Parga, no Pitero contempla a unión do regato que pasa por Roca có Parga, máis arriba, antes de Valdovín, atópase co Rego Pequeno vertendo todo o ano aínda que pouca cantidade, xunto do muíño de Ferreira é testemuña do casamento entre o infantil Parga (que procede da zona de Friol) e o regato que ven de Guitiriz (que, na tradición popular, recibe unha morea de nomes segundo o lugar por onde pasa: Escádebas, Forxá, Sete Muíños, Ponteveiga,...), pro que oficialmente é o LADROIL que aínda recibe máis afluentes ó longo da Ruta: o río de Mariz, o Pardiñas ou Da, o Regato de Augafría,...



DATOS



6 horas



19,6 km.



Dificultade fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05